Concello de Vigo

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión extraordinaria e urxente do 15 de novembro de 2018

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
Mª José Caride Estévez.
Dª. Olga Alonso Suárez.
Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez.
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez.

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font.
Dª Mª. Carmen Silva Rego.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día quince de novembro de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez, Rodríguez constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1331).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1332).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DERIVADOS DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE 0-3 ANOS DE TOMÁS ALONSO E CASIANO MARTÍNEZ (BOUZAS) ATA A FORMALIZACIÓN DO NOVO CONTRATO. EXPTE. 13000/332.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro delegado de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo das escolas infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (Bouzas) (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo das escolas infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (Bouzas) (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 27 de xullo de 2012, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente para a contratación do servizo das escolas infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (Bouzas) (expediente 13000-332), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.**- En data 25 de outubro de 2012, a XGL acordou a adxudicación do citado contrato á mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., por un prezo de 1.588.800 euros. Este contrato formalizouse o día 15 de novembro do mesmo ano e comezou a súa execución o día seguinte (16-11-2012). O prazo de execución é de 4 anos prorrogable por outros dous. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 30 de setembro de 2016 e 11 de outubro de 2017, respectivamente. A última prórroga remata o día 15 de novembro de 2018.

**Terceiro.-** En data 12 de xullo de 2018, a XGL, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21847-332), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación. O procedemento foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 20 de xullo de 2018. O anuncio contiña un erro material e foi obxecto de rectificación en data 2 de agosto, abríndose un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, que rematou o día 21 de agosto do mesmo ano.

**Cuarto.-** En data 22 de agosto de 2018 emítese certificación do Rexistro Xeral, na que consta que durante o prazo de presentación de ofertas as presentaron as seguintes mercantís:

- COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.

- PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (PROFOLP)
- CLECE, S.A.

**Quinto.-** En data 23 de agosto de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma acordouse admitir a todos os licitadores citados.

A continuación procedeuse a apertura do "sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor", e a Mesa acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. Este é evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 12 de setembro de 2018. Este informe entregouse á Mesa na súa sesión de 19 de setembro. Na mesma acordouse solicitar un informe complementario. Este elaborouse polos técnicos citados en data 24 de setembro e foi aceptado pola Mesa na sesión de 27 de setembro de 2018.

**Sexto.-** En data 1 de outubro de 2018, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do "sobre C: proposición avaliable mediante fórmula", e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe foi evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e Xefa do Servizo de Educación, o 2 de outubro de 2018, é aceptado pola mesa, en sesión de 4 de outubro de 2018. Nesta mesma sesión formulouse proposta de clasificación do contrato á XGL.

**Sétimo.-** En data 4 de outubro de 2018 a XGL aprobou a clasificación dos licitadores por orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

| | **Licitador** | **Puntuación total** |
|---|---|---|
| 1 | PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. | 90,75 |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. | 87,48 |
| 3 | CLECE, S.A. | 82,25 |

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

| | **Licitador** | **Puntuación total** |
|---|---|---|
| 1 | PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. | 91,75 |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. | 86,64 |
| 3 | CLECE, S.A. | 85,31 |

E acordou requirir ao primeiro clasificado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos prevista no artigo 140 LCSP, así como a constitución da garantía definitiva.

**Oitavo.-** En data 24 de outubro de 2018, a XGL adoptou acordo de adxudicación do contrato nos seguintes termos:

1. "Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 "EIM Tomás Alonso" do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das

escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:

a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.

b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

2. Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:

a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.

b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado electronicamente aos licitadores o mesmo día.

**Noveno.-** En data 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, interpón de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento, e solicita a súa remisión ao TRIBUNAL

ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PUBLICA DE GALICIA (en diante,TACGAL). O mesmo foi remitido polo Rexistro Municipal ao citado tribunal a través da plataforma ORVE en data 5 de novembro do mesmo ano.

**Décimo.-** En data 8 de novembro de 2018, a xefa do servizo de Educación municipal solicita ao servizo de Contratación a tramitación da prórroga do contrato actualmente en vigor en tanto non se resolva o recurso especial en materia de contratación.

**Undécimo.-** Consta no expediente escrito do actual contratista, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., manifestando a súa conformidade a dicha prórroga.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**-I-**

**Réxime xurídico aplicable**

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

**-II-**

**Da finalización do prazo do contrato de servizos das escolas infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (Bouzas) (expediente 13000-332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo**

O contrato de servizos do servizo de infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (Bouzas) (expediente 13000-332) adxudicóuselle á COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en data 25 de outubro de 2012, por un prazo un catro anos, comezando a súa execución en data 16 de novembro de 2012. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 30 de setembro de 2016 e 11 de outubro de 2017, respectivamente. A última prórroga remata o día 15 de novembro de 2018.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da XGL de data 12 de xullo de 2018, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (21847-332).

Adxudicados os dous lotes deste contrato pola XGL en sesión de data 24 de outubro de 2018 a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., impugna este acordo mediante a interposición de recurso especial en materia de contratación contra esta adxudicación.

A interposición deste recurso impide a continuación da tramitación do procedemento e a formalización do novo contrato. A lei prevé como efecto da interposición do recurso a suspensión automática da tramitación do procedemento cando o acto sexa o acordo de adxudicación (artigo 45 do TRLCSP).

Na actualidade, e por mor da suspensión do procedemento de adxudicación do novo contrato non pode garantirse a continuidade na prestación do servizo.

**-III-**

**Necesidade da prestación dos servizos de de servizos das escolas infantis ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento das escolas infantís municipais. Tal e como consta no informe da xefa do servizo de Educación, de data 8 de novembro de 2018, “As Escolas Infantís Municipais (EIM) son centros de titularidade municipal que escolarizan a nenos de 0 a 3 anos empadroados no termo municipal, a través dos cales o Concello de Vigo pretende ofrecer aos cidadáns un servizo educativo para a primeira infancia dende unha dobre vertente:

- educativa, entendida como unha prestación que nace do dereito do neno á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos. Esta función educativa é complementaria á educación recibida no seo do propio ambiente familiar.
- asistencial, xa que ao mesmo tempo pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral.

(…) estamos diante dun servizo prestado polo Concello, que cobre unha necesidade social de primeiro orde e cuxa prestación por parte da administración local está prevista na lexislación de aplicación. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo tanto aos nenos que se cuidan e educan nas indicadas escolas como ás súas familias".

Desprendese do citado informe a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo durante a substanciación do recurso e ata a súa resolución. Do contrario, habería que pechar as escolas, o que ocasionaría un grave problema aos nenos e familias usuarias do servizo.

## -IV-

## Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, dende a regulación no noso ordenamento xurídico do recurso especial en materia de contratación, non é infrecuente que aconteza esta circunstancia tras sucesivas interrupcións do expediente, orixinadas pola interposición dun ou varios recursos especiais. Pois o artigo 45 do TRLCSP establece obrigatoriamente a medida cautelar de suspensión forzosa para o suposto de impugnación da adxudicación, e o artigo 43 a posibilidade de que o tribunal competente para resolver o recurso adopte a mesma nos demais supostos de impugnación do artigo 40 do TRLCSP, durante a substanciación do ou dos mesmo/s.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Se ben, como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 da LCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que "Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo".

Se ben no presente caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público. Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse adxudicado o novo contrato por mor da suspensión do procedemento de licitación tras a interposición do recurso especial, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, durante a tramitación do procedemento foi necesario abrir un novo prazo de presentación de ofertas motivado porque o anuncio de licitación contiña un error material, e se interpuxo un recurso especial en materia de contratación.

   De conformidade co disposto no artigo 156 LCSP, nos procedemento abertos para a adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, o prazo xeral para a presentación de propostas, que é 35 días poderá reducirse a quince días se se publicase un aviso de información previa cun prazo máximo de doce meses e un mínimo de trinta e cinco días antes da data de envío do anuncio de licitación e se incluíu , se está dispoñible, toda a información necesaria para iso. Dado que neste caso o anuncio previo fora publicado, o prazo de presentación de ofertas era de 15 días, e o prazo inicial debería finalizar o 4 de agosto. Non entanto, o anuncio da licitación inicialmente publicado en data 20 de xullo contiña un erro material e sinalaba como data de finalización do anuncio o 1 de agosto. En aras da seguridade xurídica e para garantir o principio de concorrencia, detectado o erro, abriuse un novo período de 15 días naturais para a presentación de propostas, a partir da modificación do anuncio de licitación.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este é un servizo destinado a escolarización de nenos de 0 a 3 anos. Tal e como se desprende do citado informe do servizo neno este servizo

persegue, por unha banda, unha función educativa con relación aos menores, cal é a súa educación e o desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos. E por outra banda, cumpre unha función asistencial, pois pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno os cidadáns, desatendendo tanto aos nenos que verían interrompida a súa escolarización como as súas familias.

3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 15 de novembro e o anuncio de licitación do novo contrato foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 20 de xullo de 2018.

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta os servizos necesarios para o funcionamento das escolas infantís, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato. O contrato deberá continuar nas mesmas condicións que ata a actualidade, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

**-V-**

**Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento das escolas infantís, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará  nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a resolución do recurso e, no seu caso, a formalización e inicio do novo contrato.
Consta no expediente a conformidade de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para continuar realizando as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións.

**-VI-**

**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón  á Xunta de Goberno Local como órgano de

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º-. A continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato do servizo das escolas infantis municipais de 0-3 anos de Tomas Alonso e Casiano Martinez (expediente 13000-332) nas mesmas condicións ata a resolución do recurso e formalización do novo contrato.

2º-. Autorizar e comprometer os gastos derivados da continuidade deste contrato".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1333).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DO LOTE 2 PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE TRES APARCADOIROS DE USO MIXTO NA CIDADE DE VIGO.6246/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 14 de agosto de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo, así como o anteproxecto de explotación e das obras e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

**Segundo.-** En data 21 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

**Terceiro.-**En data 10 de outubro de 2007 formalizouse o contrato con COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., sociedade instrumental constituída por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., para xestionar o lote 2 da concesión.

**Cuarto.-** En data 28 de xuño de 2018, a XGL acordou incoar expediente de resolución contractual do citado lote 2 do contrato por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario e darlle trámite de audiencia ao mesmo. Este acordo lle foi notificado ao interesado en data 10 de xullo de 2018.

**Quinto.-** En data 20 de xullo de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e respresentación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Natureza da declaración de caducidade do expediente de resolución dun contrato e lexislación aplicable**

A declaración de caducidade é unha forma de terminación anormal dos procedementos administrativos. Orixinase pola concorrencia de dous circunstancias:

- O transcurso do tempo.
- A inactividade do administrado ou da administración.

O procedemento obxecto deste informe é de resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo da XGL a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007. O procedemento incoouse por acordo da XGL de 28 de xuño de 2018.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

A resolución do contrato está regulada no artigo 112 do TRLCAP. No entanto, este precepto non regula o procedemento de resolución e remite á súa regulación a un posterior regulamento. O RLCAP regula o procedemento de resolución no seu artigo 109. Máis non fixa un prazo de resolución. En consecuencia, neste caso, ó non ter previsto o prazo de resolución a lexislación sectorial, é de aplicación o prazo supletorio fixado pola lexislación de procedemento. Dispón ó respecto o artigo 21.3 LPAC que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa as regras para o cómputo do mesmo. Nos procedementos iniciados de oficio, como o presente, o prazo se contará desde a data do acordo de iniciación.

Tendo en conta que o acordo de incoación do expediente aprobouse o día 28 de xuño de 2018, e que non tivo lugar a suspensión do prazo de resolución por non ter concorrido ningún dos supostos previstos no artigo 22 LPAC, o acordo de resolución debería terse producido antes do 27 de setembro de 2018, circunstancia que non ten acontecido por causas imputables a esta administración.

**-II-**

**Dos efectos da caducidade**

A falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio está regulada no artigo 25.1 da LPAC. Segundo esta norma ó vencemento do prazo máximo sen que se tiña ditado e notificado resolución expresa non exime á Administración da obriga de resolver. E establece como efecto da falta de resolución nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, como no presente caso, que producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións cos efectos previstos no artigo 95.

Os efectos da caducidade son os seguintes (artigo 95.3 LPAC):

- O arquivo das actuacións.
- A declaración de caducidade e a extinción do procedemento non producirán por si sós a prescrición de accións, aínda que os procedementos caducados non interromperan o prazo de prescrición.
- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade. En calquera caso serán trámites ineludibles do novo procedemento:

- As alegacións.
- A proposición de proba.
- A audiencia ao interesado.

Como excepción, a lei permite non aplicar a caducidade cando a cuestión suscitada afecte ó interese xeral, o ben fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento (artigo 95.4 LPAC).

No caso que nos ocupa, a xuízo da informante, non concorren as premisas esixidas no artigo 95.4 LPAC, e consecuentemente procede a declaración de caducidade. Máis é necesario incoar un novo procedemento de resolución do contrato, polo que deberán conservarse as actuacións practicadas no expediente caducado cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

**-III-**
**Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP).

**ACORDO**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> "1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado por este órgano de contratación, mediante acordo de 28 de xuño de 2018, para declarar a resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario.
>
> 2º.- Proceder a o arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.
>
> 3º.- Notificar este acordo ó interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes".

<u>**Acordo**</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1334).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA O SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA "PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" PARA SUBSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA ÚTIL. EXPTE. 2396/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta proposta de data 13/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática "piscina municipal de Teis" para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática "piscina municipal de Teis" para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) na seguinte orde descendente:

| **Orde** | **Licitadores** | **Puntuación total** |
|---|---|---|
| 1 | TERMOCALOR VIGO, S.L. | 100 |
| 2 | MEDANCLI, S.L | 43,78 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(1335).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA POTENCIAR A PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL,TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018, APROBADO POLA XGL EN DATA 30/10/18. EXPTE. 17473/333.**

Visto o informe xurídico do 13/11/18 e o informe de fiscalización de data 14/11/18, dáse conta do informe-proposta do 09/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 10/08/2018 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica para potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018.

2.- A cantidade máxima destinada a este programa foi de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farían efectivos con cargo a aplicación orzamentaria 3410.4800000 "axudas a deportistas individuais de elite" do orzamento vixente da Concellería de deportes.

3.- A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 30.08.2018 e 24.08.2018, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 25 de agosto e rematou o 14 de setembro de 2018.

4.- O Servizo de deportes recibe a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo 13 solicitudes, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establecen as Bases, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A Concellería de deportes, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das 13 solicitudes e da documentación que debe acompañalas, sendo admitidas definitivamente 11 no procedemento de avaliación e rexeitándose 2 solicitudes por diferentes motivos.

5.- Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D José Manuel Fernández Pérez, concelleiro de deportes, D Rubén Peña Barceló, xefe do servizo de deportes-director deportivo e D Pablo Alberte Otero, técnico do servizo de deportes, que actúa como secretario. A Comisión constituíuse o día 16.10.2018 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados nas bases da convocatoria. Incorporouse ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada solicitante e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas.

6.- En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de deportes, en data 30.10.2018 adoptou o seguinte acordo:

"1.-Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 26.023,17€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento do 2018".

7.- O Servizo xestor procedeu á notificación das resolucións das axudas concedidas e denegadas ao abeiro deste programa aos solicitantes.

8.- Consultada o 07.11.2018 a xestión municipal de expedientes, compróbase que en data 14.09.2018, D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo documentación para solicitar unha subvención en relación á Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018, que o dito documento non se tramitou, e desde entón se atopa aloxado no buzón do Servizo Deportes. (Documento núm. 180149480).

9.- Detectado o erro de tramitación, con data 07.11.2018 o servizo de deportes procede a iniciar de oficio o expediente de rectificación do erro material e a tramitar a proposta de

subvención a favor de D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W en relación á convocatoria de subvencións Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018.

10.- Con data 07.11.2018 solicitouse ó interesado que completase a documentación presentada o 14.09.2018 dentro do prazo previsto nas bases, extremo que cumpliu o mesmo día 07.11.2018 a través do rexistro elecrónico do Concello de Vigo (Doc. 180178651)

**NORMATIVA APLICABLE**

–LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).

–L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

–L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

–L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

–TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).

–LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

–ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).

–LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).

–LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).

–LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

–LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).

–LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

–RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

–Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

**III. INFORME**

III.1. D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W en data 14.09.2018 presentou, a través da sede electrónica municipal, solicitude de subvención en relación á “ Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018”. (Documento núm. 180149480).

Xunto coa súa solicitude, o solicitante achega a seguinte documentación: Anexo I.1, I.2, I.3, I.4 e o certificado de conta bancaria.

III.2. A Xunta de Goberno Local en data 30.10.2018 a proposta da Comisión de avaliación do programa de subvencións da Concellería de Deportes, adopta o acordo de conceder e

denegar as correspondentes solicitudes a 13 solicitantes, entre as que non se atopa D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W, por non constar a súa solicitude entre as valoradas, por extravío accidental, a pesar de atoparse no buzón da xestión de expedientes do servizo de deportes.

III.3. En data 07.11.2018, a Concellería de deportes detecta que a solicitude de subvención (Doc. 180149480) tramitada por D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W, presentada en tempo e forma segundo as bases da convocatoria a través da sede electrónica municipal con data 14.09.2018, non foi tramitada, e se atopa nun buzón da xestión de expedientes do servizo de deportes desde a dita data.

III.4. Revisada a documentación do expediente de solicitude do solicitante, detéctanse errores da Administración Municipal na súa tramitación pois esta solicitude non tramitouse en tempo e forma nos prazos axeitados. Co obxecto de subsanar esta situación, valórase que é procedente propoñer a revisión e estimación da solicitude de subvención polo que a comisión de avaliación procedeu, tras solicitar ó interesado que completase a documentación presentada, a revisar toda a documentación presentada e calcular a puntuación que conforme ó artigo 7 das Bases reguladoras do programa lle corresponden ó solicitante, incorporando a este expediente a ficha valorativa.

A puntuación acadada polo solicitante é de 52 puntos. Tendo en conta que o valor do punto calculado para o resto de solicitantes foi de 81,77 € a contía que lle correspondería de subvención ó solicitante sería de 4.252,04€ (81,77 x 52). Non obstante, o importe que inicialmente corresponde ó solicitante en base ó valor unitario do punto, supera o importe máximo correspondente por tipo de competición ou por deportista, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente, ata os definitivos 2.000,00€.

A baremación do solicitante non afecta ós importes adxudicados ó resto de beneficiarios en tanto que a todos eles lles foron concedidas subvencións polos importes máximos posibles en función das bases da convocatoria, tendo en conta ademais que o crédito da partida orzamentaria non foi executado na súa totalidade.

III.5. En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, manifestase que da información que obra no poder da Concellería de deportes despréndese que o solicitante cumpre os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

**IV. PROPOSTA DE ACORDO**

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, proponse á Xunta de Goberno Local, en aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral municipal, a adopción do seguinte,

**ACORDO**

PRIMEIRO: Rectificar o erro material existente na tramitación do expediente vinculado coa resolución da convocatoria de subvencións orientada a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local do 30.10.2018, incluíndo na relación de beneficiarios, con cargo á aplicación nº 3410.480.00.00 do orzamento vixente da Concellería de deportes ("axudas a deportistas individuais de elite"), unha subvención por importe total de 2.000,00 € a favor de D. Antonio José Pérez Castro, con DNI 39465495W .

SEGUNDO: Notificar este Acordo ó solicitante.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1336).- CESIÓN GRATUÍTA DE USO DO EDIFICIO PROPIEDADE DA TESORERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, SITO NO N.º 54 DA RÚA ENRIQUE LORENZO EXPTE. 20028/240.**

Visto o informe de fiscalización de data 15/11/18, dáse conta do informe-proposta do 23/10/18, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

–L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

–L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

–L 9/2017 de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).

–L39/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

–RDL 8/2015 de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLXSS).

–RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).

–RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES DE FEITO:

**PRIMEIRO.-** Pola Alcaldía de Vigo, interesouse en data 9 de novembro do 2017 á Tesourería Xeral da Seguridade Social, a cesión gratuita do edificio que no seu día albergou o centro de saude de Teis, sito no n.º 54 da rua Enrique Lorenzo desta cidade e propiedade da TXSS, actualmente pechado e en desuso, coa finalidade da sua dedicación a usos socio-culturais.

**SEGUNDO.-** A Dirección Xeral da Tesourería da Seguridade Social, elevou á Ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, unha proposta de cesión de uso a prol do Concello de Vigo, de dito edificio para o seu destino a servizos publicos municipais (Biblioteca Pública). Proposta que foi aprobada, acordandose a cesión de uso do inmoble, por parte da Ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social o 18 de setembro do 2018.

**TERCEIRO.-** 1. Pola Concellería de Educación emitiuse informe o pasado 10/10/2018 sinalando:

A posibilidade de dotar ao barrio de Teis dun novo equipamento cultural (biblioteca-sala de lectura) permitirá paliar a escaseza de infraestruturas e equipamentos culturais públicos nesa zona, deficitaria en relación a outras zonas da cidade.

As características demográficas e físicas do barrio precisan de impulsos que permitan un adecuado desenvolvemento da vida social e cultural, na procura dunha maior integración e identificación dos veciños co seu barrio. Neste sentido, o referente que pode supoñer a presencia dunha biblioteca pública e sala de lectura, axudará, claramente, á consolidación dunha nova vía de acceso á formación e á cultura, condicións importantes para unha mellor calidade de vida da cidadanía.

Polo exposto, esta concelleira entende que a cesión polo Ministerio de Traballo do edificio que ocupaba o antigo Centro de Saúde de Teis para adicalo a biblioteca-sala de lectura contribuirá dun xeito importante a mellorar o barrio de Teis ao facilitar o acceso a un espazo adicado a cultura e ao estudo.

2. Así mesmo, foi emitido o seguinte informe urbanístico polo enxeñeiro de edificación en data 11/10/2018:

A parcela ubicada en r/ Enrique Lorenzo nº 54, atopase segundo o planeamento actual, (PXOU/93), en suelo urbano consolidado, sendo a ordenanza de aplicación 4.5, dita ordenanza abarca tamen a edificacion colindante nº 56, segundo a aprobación do instrumento de Ordenacion Provisional (IOP) de data 18/07/2018, no documento técnico en cuestión non altera a ordenacion existente do PXOU/93, e non se atopa en area de suspensión de Licencias.

Polo tanto poderarse efectuar todas as obras que sexán axeitadas as ordenanza en cuestión ord. 4.5, sendo o uso permisible para Zonas de outras institucions, que son edificacions reservadas para institucions de uso público non recreativo, a o servicio da cidade e os seus arredores.

Polo tanto calquera uso destinado a un servicio de carácter público pode establecerse, no mencionado edificio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**PRIMEIRO.-** Consonte coa información que obra no expediente, a Tesorería Xeral da Seguridade Social é propietaria do edificio sito n.º 54 da rua Enrique Lorenzo desta cidade de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, e inscrito no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo como finca rexistral n.º 19550, tomo 1807, libro 858, folio 1, inscripción 2ª.

A teor da solicitude de cesión plantexada pola Alcaldía de Vigo para adicar o inmoble a fins publicos de carácter socio-culturais, tramitouse pola TXSS o correspondente procedemento que foi resolto mediante acordo de data 18 de setembro do 2018 da Ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social conforme coa proposta formulada pola Tesorería Xeral da SS, dispoñendo a cesión do uso do edificio a prol do Concello e con destino a servizos públicos municipais (Biblioteca Publica).

Nos termos nos que foi adoptada a proposta de cesión, ésta comprende o uso en superficie sen que o Concello teña que satisfacer renta algunha, debendo facerse cargo dos gastos de

acondicionamento, instalación, conservación, mantemento e demais gastos e impostos que lle correspondan entre os que se inclúe o IBI, e demais impostos municipais e contribucións especiais, así como os de formalización no documento pertinente e gastos rexistrais que se ocasionen. A cesión condiciónase a que no prazo dun ano dende a sua formalización, o inmoble se destine ao fin cedido.

No presente caso, instado informe aos servizos municipais sobre a proposta de cesión efectuada, foi favorablemente informada pola Concellería de Educación, nos termos que quedan reflectidos no seu informe transcrito nos antecedentes, así como a adecuación do inmoble ao planeamento vixente, para seu destino aos fins públicos aos que se vencella a cesión, tal como sinalou o enxeñeiro de edificación no informe igualmente referido nos antecedentes.

Reseñar, en todo caso, que os Concellos, na xestión dos seus intereses e no ámbito das suas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribuian a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal e, en concreto, no presente caso no que atinxe ao servizo público que se pretende prestar coa cesión do inmoble, recoñecese a competencia municipal no desenvolvemento de actividades e establecemento de instalacións cuturais, entre elas, a dunha Biblioteca Publica(art. 25 e 26 da LBRL).

**SEGUNDO.-** As entidades locais, no ámbito das súas competencias e para o cumprimento dos fins públicos aos que atende, teñen plena capacidade xurídica para a adquisición, posesión ou alleamento de toda clase de bens, así como a celebración dos convenios, acordos, contratos e calquera outros negocios xurídicos, con outras entidades de dereito público ou de dereito privado (art. 5 LRBRL).

Neste senso, a LPAP no marco da xestión do patrimonio das administracións públicas, e de acordo cos principios que presiden as súas relacións interadministrativas de lealtade institucional, información mutua, cooperación, asistencia e respeto ás respectivas competencias, recoñécelles a facultade de celebrar os contratos, convenios e demais negocios xurídicos para a consecución dos intereses públicos implicados, e nas condicións e termos que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración (artigos. 111, 183 e 187 da LPAP).

Así mesmo disponse no art. 145 da LPAP que os bens e dereitos patrimoniais da Administración Xeral do Estado poderán ser cedidos gratuitamente para a realización de fins de utilidade publica ou interese social da súa competencia ás entidades locais. A cesión podera ter por obxeto a propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso. En ambolos dous casos a cesión levará aparellada para o cesionario a obriga de destinar os bens ó fin expresado no correspondente acordo.

**TERCEIRO.-** Por outra banda, o patrimonio da Seguridade Social ríxese polas disposicións específicas contenidas no TRLXSS, nas suas normas de aplicación e desenvolvemento e, no non previsto nas mesmas, polo establecido na LPAP (art. 103,2 TRLXSS).

No marco de ditas disposicións legais, foi acordada a cesión obxeto de aceptación por esta administración municipal, ao estar previsto no art. 107,4 do texto refundido de dita lei, que os bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social que non resulten necesarios para o cumplimento dos seus fins, e respecto dos cuales non se considere conveninte sua enaxenación ou explotación, poderán ser cedidos gratuitamente para fins de utilidade

pública ou de interés da Seguridad Social polo titular do Ministerio da Seguridad Social, a proposta da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

**CUARTO.-** O se tratar dunha cesión gratuíta de uso dun inmoble entre administracións públicas, a sua formalización realizarase en documento administrativo, sendo título suficiente para sua inscripción no rexistro da Propiedade (art. 113 da LPAP e 128 do seu regulamento).

**QUINTO.-** A teor do exposto, pódese concluir que non existe inconveniente na aceptación da cesión de uso, con caracter gratuito e nos termos e condicións expostos, proposta pola TXSS, do seu inmoble, debendo procederse unha vez adoptado o acordo de aceptación e formalizada en documento administrativo a cesión, a sua inscripción rexistral e alta no inventario municipal de bens e deritos.

**SETIMO.-** Resulta competente a Xunta de Goberno Local para a adopción do correspondente acordo de aceptación da doazón, conforme co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo anteriormente exposto, e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo:**

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión gratuíta de uso do edificio propiedade da Tesorería Xeral da Seguridade Social, sito no n.º 54 da rúa Enrique Lorenzo desta cidade de Vigo, con referencia catastral núm. 4778207NG2747N0001IP, e inscrito no Rexistro da Propiedade núm. 2 (finca rexistral n.º 19550), nos termos acordados pola Ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social o 18 de setembro do 2018, e para seu destino a Biblioteca Pública.

SEGUNDO.- Formalizar a cesión en documento administrativo, e posterior inscripción no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO.- Dar de alta a cesión no Inventario Municipal de bens e dereitos.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como á Concellería delegada de Patrimonio e a Concellería delegada de Educación para o seu coñecemento e aos efectos que procedan.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe**.**

**7(1337).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO COA XESTORA DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAIS NO CITADO AUDITORIO DURANTE O ANO 2018. EXPTE. 1693/330.**

Visto o informe xurídico do 09/11/18, e o informe de fiscalización de data 13/11/18, dáse conta do informe-proposta do 29/10/18, asinado polo o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

1.- O concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 11 de xaneiro pasado, que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención coa empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo, para a programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o exercicio 2018, por importe de 500.000 €.

2.- Con esa mesma data, o concelleiro-delegado da Área de Cultura solicita informe ao responsable do contrato de concesión pública para a construcción e explotación do edificio do Auditorio-Pazo de Congresos, relativo sobre aos posibles efectos do proceso no que se atopaba a empresa concesionaria e, de selo caso, a conveniencia de incluír algún condicionante no clausulado do convenio que regularía a subvención nominativa.

3.- Con data 31 de xaneiro, o citado responsable do contrato informa que "en tanto non se produza un pronunciamento municipal sobre a resolución, continuidade ou modificación do contrato concertado no seu día entre Pazo de Congresos de Vigo e OIDE para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos, **non debería** adoptarse acordo para a concesión da subvención de referencia, ao estar nominativa...."

4.- Con data 15 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura emite informe en relación co expediente 1750/330 de "Entrega do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias ao Concello de Vigo e continuidade dos contratos asinados para a explotación da obra pública", no que indica:

"Con estes mesmos criterios, e á marxe das vicisitudes do proceso concursal do conxunto Pazo de Congresos, a xestora que ten arrendado o Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", en diálogo permanente con esta Concellería, elaborou ao longo do ano 2017 a programación para 2018, xa difundida oportunamente en todos os circuitos e medios.

Daquela, esta Concellería estima que é imprescindible a continuidade do contrato de arrendamento coa empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L." xa que a súa resolución obrigaría á cancelación da programación xa aprobada e anunciada para 2018 e o primeiro trimestre de 2019.

Polo demais, a necesidade de aprobar canto antes o convenio de colaboración coa xestora do Auditorio Pazo de Congresos para a execución da programación cultural arriba referida, aconsella que a continuidade do contrato de arrendamento, asinado no seu día entre Pazo de Congresos de Vigo, S. A. e a xestora do Auditorio, se adopte á maior brevidade posible".

5.- Con data 23 de febreiro, o Interventor xeral emite informe de fiscalización do expediente 1750/330 de "Entrega do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias ao Concello de Vigo e continuidade dos contratos asinados para a explotación da obra pública", no que indica:

"A continuidade dos contratos aos que se refire o expediente examinado, ao tratarse básicamente dos contratos de arrendamentos de superficies e non dos contratos de prestacións de servizos e subministracións, non suporá para o Concello de Vigo a obriga de aboar indemnización algunha conforme á lexislación aplicable xa que non se producirá a resolución dos mesmos, nin tampouco obriga de gasto adicional con cargo aos seus orzamentos, se non que, polo contrario, significará en termos anuais uns ingresos de, polo menos, 609.431,52 euros, aos que hai que engadir, de ser o caso, unha renda variable anual a determinar no primeiro trimestre con referencia á facturación bruta anual das

entidades arrendatarias correspondente ao ano anterior, así como un menor gasto anual ou aforro de 543.160,20 euros como consecuencia da extinción, por confusión, das obrigas asumidas como consecuencia da continuidade do contrato de arrendamento, polo propio Concello de Vigo, de espazos para a aula da UNED en Vigo.

Con todo, segundo o informe e a documentación obrante no expediente, a xestión directa polo propio Concello do Auditorio e espazos anexos suporá uns gastos regulares duns 333 mil euros anuais polo que, no seu conxunto, terá un efecto positivo sobre o saldo estructural da entidade, con independencia da necesidade de aboar ao concesionario o importe que proceda como consecuencia da resolución do contrato conforme á lexislación aplicable, e da súa consideración ou non como gasto computable en termos SEC2010.

En definitiva, o acordo proxectado no expediente 1750-330 non suporá gasto algún para o Concello de Vigo, afectando únicamente aos ingresos derivados dos contratos de arrendamento, polo que entende esta Intervención que pode continuarse coa tramitación do expediente conforme ao disposto no artigo 214 do TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

6.- Con data 9 de marzo, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou a **continuidade do contrato de arrendamento** entre a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L. ” e Pazo de Congresos SA, para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

7.- Con data 21 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura reitera informe ao responsable do contrato de concesión ante a súa nova situación xurídico-administrativa.

8.- Con data 21 de marzo, o responsable do contrato informa que “Á data de hoxe, acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 9 de marzo de 2018, a continuidade do contrato de arrendamento concluído o 17 de marzo de 2014 entre OIDE e Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, e como queira que OIDE vai continuar coa explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo a partires do 31 de marzo do ano en curso, **non existe xa o obstáculo para a concesión da subvención posto de manifesto no informe de 31 de xaneiro de 2018.”**

9.- Con data 22 de marzo, o concelleiro-delegado remite escrito ao responsable da empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. solicitándolle a documentación administrativa necesaria para a tramitación do expediente de concesión da subvención nominativa.

10.- Con data do Rexistro Xeral 6 de abril, a empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. presenta a documentación requerida.

11.- Con data 6 de xullo, o concelleiro-delegado resolve que “polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural se continúe coa tramitación do expediente necesario para conceder unha **SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”,** Organización de Ideas de Éxito, S.L., CIF A-36972560, **PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAIS NO CITADO AUDITORIO DURANTE O ANO 2018**, por importe de 500.000 € con cargo á aplicación presupostaria 3331.470.00.02 “Convenio Promoción Cultural Auditorio Mar de Vigo” do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, en base ao informe xurídico positivo emitido polo responsable do contrato de concesión pública para a construcción e explotación do edificio do Auditorio-Pazo de Congresos, con data 21 de marzo pasado”.

12.- Con data 3 de outubro, o Interventor Xeral emite informe no que indica:

“O artigo 19.3 da Lei 39/2003, xeral de subvencións (en diante, LXS) establece: "3. El importe de las subvenciones en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada".

Idéntico texto é o contido no artigo 17.2 da Lei de Subvencións de Galicia (en diante, LSG).

Aos efectos de determinar o alcance da expresión "ingresos o recursos" concorrentes coa subvención, contido nos precitados artigos, determinante dun eventual exceso de financiamento con respecto ao custo da actividad subvencionada, a doutrina contida na Sentenza ditada pola Sección 1ª do TSX de Galicia de 29 de abril de 2015, expresa que:

«El problema interpretativo y, donde en opinión de esta Sala yerra la Administración demandada, es el relativo al término de "ingresos" que utiliza el artículo 17.2 de la repetida Ley. No cabe apreciar que tales ingresos se refieren a los beneficios que el promotor obtiene de la explotación de las instalaciones, al no resultar cuantificables. Si así fuese ninguna inversión productiva podría ser beneficiaria de una subvención. Las expresiones que emplea el citado artículo 17.2 nada tienen que ver con los beneficios derivados de la explotación y sufragados, en su mayor parte, por los usuarios de las instalaciones que la explotación del camping públicamente oferta; aluden, obviamente, a hipotéticas aportaciones económicas que, juntamente con la subvención pretendida, excedan del coste de los gastos subvencionados. De ahí que se exija que esas ayudas, ingresos, recursos o subvenciones sean de procedencia ajena, es decir no traigan causa del propio negocio del concesionario y, además, se hallen destinadas a la misma finalidad que la de la subvención, lo que no acontece con los beneficios obtenidos del desarrollo de la actividad de explotación del camping, cuyo destino puede ser diverso.

En definitiva, cabe concluir que la concesión de la subvención, en los términos en que ha sido postulada, no resulta incompatible con la existencia de un beneficio empresarial, siempre determinante de la presencia de unos ingresos superiores a los gastos. De aceptarse lo contrario, ningún proyecto productivo podría ser subvencionado, con lo que se convertiría en papel mojado la oferta contenida en la Orden de 16 de marzo de 2011.»

En idéntico sentido, a Sentenza ditada pola Sección 8ª do TSX de Madrid de data 8 de marzo de 2018, logo de reiterar o dito na anterior Sentenza do TSX Galicia, conclúe dicindo que

“Por ello entendemos que no cabe considerar como ingresos, a los efectos del art. 19 de LGS, los beneficios la recurrente pueda obtener por el contrato que le vincula con HVSA, porque si así fuese ninguna inversión productiva podría ser beneficiaria de una subvención. Es por ese motivo por el que lo que resulta exigible es que esas ayudas, ingresos, recursos o subvenciones sean de procedencia ajena, es decir, que no traigan causa del propio negocio del beneficiario de la subvención. La concesión de la subvención, no resulta incompatible con la existencia de un beneficio empresarial, siempre determinante de la presencia de unos ingresos superiores a los gastos. Si aceptásemos lo contrario ningún proyecto productivo podría ser subvencionado”.

Polo tanto, á luz da doutrina contida nas Sentenzas dos TSX citadas, e aos efectos de determinar un posible exceso de financiamento, os artigos 19.3 da LXS e 17.2 da LSG refírense exclusivamente as axudas, ingresos, recursos ou subvencións que sexan de

procedencia allea, e non aos ingresos procedentes do propio negocio do beneficiario da subvención".

13.- Con data 5 de outubro, a empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. presenta novo orzamento de gasto, en base a:

* Do 1 de decembro de 2017 ao 31 de marzo de 2018: inclúe todos os gastos derivados das programacións directas e indirectas, como viña sendo habitual en subvencións anteriores, por un importe total de 233.770,62 € sen ive.

* Do 1 de abril ao 15 de novembro de 2018: só inclúe os gastos derivados da xestión directa de actividades, dado que a nova situación contractual da empresa co Concello de Vigo non permitiría que se xustifiquen gastos de actividades indirectas; o importe ascende a 158.634,91 € sen ive.

Por tanto, a suma dos gastos susceptibles de ser subvencionados ascenderían a un total de 392.405,53 €

14.- Con data 3 de outubro, solicítase á Área de Xestión Patrimonial informe relativo á situación actual e planificación futura do modelo de xestión do inmoble do Auditorio "Mar de Vigo", en canto á súa actividade de arrendamento e/ou programación.

15.- Con data 24 de outubro, o xefe do servizo Administrativo e de control orzamentario da Concellería de Patrimonio emite informe sobre a xestión dos espazos do inmobrel Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo "Mar de Vigo", no que indica:

"VI.- Non obstante, como consecuencia da recuperación da titularidade da obra pública, o Concello de Vigo, sen prexuízo do mantemento integral da obra pública e da xestión do aparcadoiro que poda contratar como resultado do expediente arriba referido, ten que asumir outras tarefas de xestión de toda a obra pública —as que viñan sendo prestadas pola anterior concesionaria para a explotación da obra pública— para as que, en principio, non dispón dos suficientes medios materiais, polo que resulta necesario iniciar o expediente para a contratación das ditas prestaciones, previo estudo da conveniencia de que o contrato contemple ou non a asunción polo adxudicatario do risco económico da xestión integral da explotación que se contrate —estudo que deberá tomar en consideración os contratos actualmente en vigor que o adxudicatrio haberá de respectar— e da conveniencia de incluír ou non neste contrato as prestacións a que se refire o expediente iniciado pola resolución arriba indicada do Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio, de data 2 de xullo de 2018.

VII.- A finalidade institucional a satisfacer pola Administración municipal co contrato e o estudo previo citado, é pois a xestión integral da explotación da obra pública, isto é a contratación das prestacións para a explotación do conxunto da obra pública que viñan sendo erogadas pola anterior concesionaria, coa modalidade contractual e as concretas prestacións que se consideren máis axeitadas ao interese público e da cidadanía, ao abeiro das competencias municipais propias previstas no 25.2.m e 25.2.d (Promoción da cultura e equipamentos culturais) (outros equipamentos da súa titularidade) da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local e artigo 80 da Lei 5/1997, 22 xullo reguladora da Administración local de Galicia e en cumprimento do principio establecido no artigo 6 LPAP/2003, relativo aos bens e dereitos de dominio público, como é o que nos ocupa, de procurar a adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral ou ao servizo público a que estean destinados.

VIII.- Ás circustancias reseñadas determinaron a necesidade da incoación dun expediente administrativo no que se proceda ao estudio e análise das posibles modalidades de xestión

dos diferentes espazos dos edificios do devandito Edificio, polo que que **en data 24.10.2018 o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio resolveu "Iniciar o expediente para o estudio e análise das posibles modalidades de xestión dos diferentes espazos dos edificios do Edificio Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo."**

16.- O **Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo"** é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

17.- A empresa **"Organización de Ideas de Éxito, S.L."**, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e producción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; producción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

18.- A empresa **"Organización de Ideas de Éxito, S.L."** está interesada en colaborar co **Concello de Vigo** na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" durante o ano 2018, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

19.- O **Concello de Vigo**, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. O exercicio desta competencia de promoción da cultura entre a comunidade veciñal pode ter lugar, ben organizando e proporcionando ao propio Municipio- directa ou indirectamente- o acceso da cidadanía ao acontecemento cultural, ou ben mediante a actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de achegas directas ou indirectas para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento cuxa manifestación máis importante é a da subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como achegas económicas sen contraprestación directa da beneficiaria, suxeita á realización dun proxecto, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a promoción da cultura.

20.- O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe máximo de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.0002 (Convenio promoción

cultural Auditorio Mar de Vigo), co obxecto de promover unha programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.

21.- O **Concello de Vigo** e maila empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”** asinaron convenios de colaboración para regular a subvención da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado recinto para os exercicios 2014, 2015, 2016 e 2017, con resultados satisfactorios para ámbalas dúas partes.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”**, para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” para o exercicio 2018, obxecto do presente convenio, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Capacidade de “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestion do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 21/10/2011, aprobou o réxime de funcionamento do Auditorio Pazo de Congresos, expediente 3716/241. O seu artigo 2 establece que “O Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un ben inmoble municipal que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos. A súa explotación foi cedida en réxime de concesión á sociedade PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en adiante, a “Sociedade Concesionaria”) que encargarase da súa xestión e explotación para cumprir coa súa finalidade por sí ou a través de terceiros. A utilización do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” efectuarase pola Sociedade Concesionaria a través dunha empresa á que se encomendará a xestión e explotación do mesmo (en adiante, a “Sociedade Xestora”). En desenvolvemento desta disposición do Regulamento do Réxime de Funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos faise ao longo do seu texto continua refenza á esta Sociedade Xestora.

Con data 9 de marzo, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou a continuidade do contrato de arrendamento entre a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L. ” e a mercantil Pazo de Congresos SA, para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

En relación coa capacidade da mercantil xestora “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar, nos remitiriamos ao informe xurídico do Sr. Secretario de Administración Municipal de data 14 de outubro de 2014 (inclúese copia no expediente).

Competencia sobre a actividade de fomento que conforma a proposta de gasto

Tal e como se subliña nos informes favorables xurídicos e da Intervención Xeral nos expedientes de concesión desta subvención nominativa en anos anteriores:

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, trata segundo a súa Exposición de Motivos de clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local e para elo procede a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da Lei de Bases de Réxime Local.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, publicada no DOGA o día 30 de maio de 2014 que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece no artigo 3 que regula as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación:

"O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.

Neste suposto, o apartado cuarto establece que, con carácter previo ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da Administración competente por razón da materia, en que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

No entanto, o citado precepto establece no apartado terceiro b), que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Á vista do exposto, e tras a entrada en vigor da Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, queda determinada a competencia municipal para o exercicio das actividades de fomento que xa se veñan realizando en exercicios anteriores.

A maiores, hai que ter en conta a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local:

"As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais."

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n) da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo

de Administración Local de Galicia , a competencia en materia cultural, está atribuída ás Entidades Locais.

Por último, o artigo 2 apartado 1 da Lei 7/1985, redactado polo número uno do artigo primeiro da Lei 27/2013, establece que, para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito a intervir en cuantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por conseguinte, a competencia desta Administración para outorgar esta subvención artellada polo proxecto de convenio que se está a propor á Xunta de Goberno Local, está amparada na lexislación citada, ademais, por ser unha actividade de fomento cultural con amparo no artigo 25.2.m) da LBRL.

Xustificación da concesión da subvención directa

A concesión da subvención directa á empresa **"Organización de Ideas de Éxito, S.L."** deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón o programa de actividades proposto para a cidade de Vigo
- a "exclusividade" da empresa xestora (Organización de Ideas de Éxito, S.L.) para a xestión do Auditorio "Mar de Vigo". Esta exclusividade queda xustificada en base a que a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434, tiña un contrato para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo con Pazo de Congresos S.A., cuxa continuidade aprobou a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión de data 9 de marzo pasado.

  Neste sentido, reitérase o informado polo responsable do contrato de concesión pública para a construcción e explotación do edificio do Auditorio-Pazo de Congresos, con data 21 d emarzo pasado: "Á data de hoxe, acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 9 de marzo de 2018, a continuidade do contrato de arrendamento concluído o 17 de marzo de 2014 entre OIDE e Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, e como queira que OIDE vai continuar coa explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo a partires do 31 de marzo do ano en curso, **non existe xa o obstáculo para a concesión da subvención posto de manifesto no informe de 31 de xaneiro de 2018."**
- A organización directa por parte do Concello de Vigo dos espectáculos prantexados no anexo do convenio até o 31 de marzo serían sempre máis elevados que optando pola vía da subvención, xa que debería facerse fronte en cada caso ao aluguer dun espazo adecuado para a súa realización (do cal carece xa que o aforo máximo do que se disporía en recinto pechado serían as 281 prazas das que dispón o Auditorio Municipal), e ao pagamento do ive correspondente (sen embargo no pagamento da

achega, a través do convenio non se inclúe o ive, tal e como se estabelece no pacto sétimo do convenio).

Ademais, tal e como indica o Interventor Xeral no seu informe de fiscalización do expediente 1750/330, de data 23 de febreiro pasado:

"A continuidade dos contratos aos que se refire o expediente examinado, ao tratarse básicamente dos contratos de arrendamentos de superficies e non dos contratos de prestacións de servizos e subministracións, non suporá para o Concello de Vigo a obriga de aboar indemnización algunha conforme á lexislación aplicable xa que non se producirá a resolución dos mesmos, nin tampouco obriga de gasto adicional con cargo aos seus orzamentos, se non que, polo contrario, significará en termos anuais uns ingresos de, polo menos, 609.431,52 euros, aos que hai que engadir, de ser o caso, unha renda variable anual a determinar no primeiro trimestre con referencia á facturación bruta anual das entidades arrendatarias correspondente ao ano anterior, así como un menor gasto anual ou aforro de 543.160,20 euros como consecuencia da extinción, por confusión, das obrigas asumidas como consecuencia da continuidade do contrato de arrendamento, polo propio Concello de Vigo, de espazos para a aula da UNED en Vigo.

Con todo, segundo o informe e a documentación obrante no expediente, a xestión directa polo propio Concello do Auditorio e espazos anexos suporá uns gastos regulares duns 333 mil euros anuais polo que, no seu conxunto, terá un efecto positivo sobre o saldo estructural da entidade, con independencia da necesidade de aboar ao concesionario o importe que proceda como consecuencia da resolución do contrato conforme á lexislación aplicable, e da súa consideración ou non como gasto computable en termos SEC2010.

En definitiva, o acordo proxectado no expediente 1750-330 non suporá gasto algún para o Concello de Vigo, afectando únicamente aos ingresos derivados dos contratos de arrendamento, polo que entende esta Intervención que pode continuarse coa tramitación do expediente conforme ao disposto no artigo 214 do TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

No relativo aos gastos directos do 1 de abril ao 15 de novembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura indica no seu informe de data 15 de febreiro, no expediente 1750/330, o seguinte:

Daquela, esta Concellería estima que é imprescindible a continuidade do contrato de arrendamento coa empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L." **xa que a súa resolución obrigaría á cancelación da programación xa aprobada e anunciada para 2018 e o primeiro trimestre de 2019.**

Polo demais, a necesidade de aprobar canto antes o convenio de colaboración coa xestora do Auditorio Pazo de Congresos para a execución da programación cultural arriba referida, aconsella que a continuidade do contrato de arrendamento, asinado no seu día entre Pazo de Congresos de Vigo, S. A. e a xestora do Auditorio, se adopte á maior brevidade posible".

A condición de xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, "convenio promoción cultural Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo" aplicación 3331.470.0002 (convenio promoción cultural

auditorio Mar de Vigo), **outorgalle a condición de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senon por razón ao obxecto, e ao inmoble no que se desenvolverían as actividades.**

Polo tanto, concorre un dereito de exclusividade na xestión do contenedor cultural e ademáis, unha condición de subvención nominativa, non por razón de suxeito, xa que se podería estar ante outro xestor, pero si nominativa en canto ao obxecto e ao inmoble non que se desenvolverían as actividades.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento. Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

PROGRAMA

A empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, presenta con data 5 de outubro unha proposta de programación a subvencionar composta por 35 actividades artísticas e socioculturais, comprendidas no período entre o 1 de decembro de 2017 ao 15 de novembro de 2018, e que se atópan relacionadas no Anexo do convenio, xunto co seu presuposto de gastos. O custo total destas 35 actividades subvencionadas distribúese da seguinte maneira:

* Do 1 de decembro de 2017 ao 31 de marzo de 2018: inclúe todos os gastos derivados das programacións directas e indirectas, como viña sendo habitual en subvencións anteriores, por un importe total de 233.770,62 € sen ive.

* Do 1 de abril ao 15 de novembro de 2018: só inclúe os gastos derivados da xestión directa de actividades, dado que a nova situación contractual da empresa co Concello de Vigo non permitiría que se xustifiquen gastos de actividades indirectas; o importe ascende a 158.634,91 € sen ive.

Por tanto, a suma dos gastos susceptibles de ser subvencionados ascenderían a un total de **392.405,53 €**, dentro dun orzamento total de gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas de 514.560,53 € (ao engadir o prorrateo dos gastos xerais, que ascende a 122.155 €)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da empresa presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada polo seguinte:

- Proxecto de programa de actividades
- Orzamento de gastos do programa de actividades
- Orzamento de gastos xerais
- NIF do administrador único da empresa

- CIF da empresa
- Escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro
- Estatutos sociais da compañía de responsabilidade limitada, outorgadados en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Plan de Autoprotección do recinto
- Escrito da empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" durante o exercicio 2018

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local. O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", ten como obxecto financiar a organización da programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o exercicio 2018, con cargo á partida 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), e a concesión dunha subvención por importe de 392.405,53 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Á visto do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previos os informes favorables xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar, según o previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a concesión directa dunha subvención por importe máximo de **392.405,53 € (trescentos noventa e dous mil catrocentos cinco euros con cincoenta e trés céntimos)** á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o periodo comprendido entre o 1 de decembro de 2017 e o 15 de novembro de 2018, ambos inclusive, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o periodo comprendido entre o 1 de decembro de 2017 e o 15 de novembro de 2018, ambos inclusive."

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe**.**

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO" PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAIS NO CITADO ESPAZO DURANTE O ANO 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoito

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Concello de Vigo

Doutra, don Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, na súa calidade de Administrador único da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF B-27.719.434, con enderezo social en rúa Pio XII, 10, baixo - O Porriño (Pontevedra), CP 36400, (en adiante a EMPRESA), actuando en nome e representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade aportada.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Que o **Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”** é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

**II.-** Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de marzo de 2018, acordou a continuidade do contrato de arrendamento entre a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L. ” e Pazo de Congresos SA, para a explotación e xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

**III**.-Que a empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”**, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e producción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; producción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

**IV**.- Que a empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”** está interesada en colaborar co **Concello de Vigo** na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” durante o ano 2018, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

**V.-** Que o **Concello de Vigo**, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo).

Faise constar que a empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”,** ten contratada a xestión e explotación do Auditorio do Pazo de Congresos “Mar de Vigo” en exclusividade, polo que se

xustifica a concesión directa da subvención, xa que non é posible a súa convocatoria pública. Esta condición de xestora do Auditorio “Mar de Vigo” en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, “convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo” aplicación 3331.470.00.02, lle outorga a condición de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senón por razón ao obxecto, e ao inmoble no que se desenvolverían as actividades.

Así mesmo, na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público.

**VI.-** Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo “Mar de Vigo” dende o 1 de decembro de 2017 ata o 15 de novembro de 2018.

**VII-** Que a empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”**, CIF: B-27719434 non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, o Concello de Vigo e a empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”**, conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” no exercicio 2018, coa fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar ao público unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

O período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será dende o 1 de decembro de 2017 ata o 15 de novembro de 2018, conforme ao programa recollido no Anexo deste convenio.

As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o acceso as mesmas será público, aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto. As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.); a tal efecto, a EMPRESA deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

**SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de **392.405,53 €**, ademais dun orzamento de gastos xerais prorrateados de 122.155 €, sen ive.

**TERCEIRA.- OBRIGAS DA EMPRESA . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1.- Asumir todo o concernente á organización das actividades recollidas no anexo do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin. O interlocutor único ante a CONCELLERÍA por parte da EMPRESA será, D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, administrador único.

2.- Responsabilizarse da organización integral do programa e difundilo amplamente.

3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla no pacto sexto, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A EMPRESA entregará á Área de Cultura copia da póliza antes da sinatura do presente convenio.

10.- Dar cumprimento do Plan de Autoprotección do Auditorio do Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, durante os eventos que se desenvolvan nas instalacións, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

11.- Comunicar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura calquera modificación que se produza no programa de actividades e/ou no seu orzamento que conforman o Anexo do convenio, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención prevista.

12.- A EMPRESA non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a EMPRESA para a realización da actividade subvencionada.

**CUARTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1.- Conceder directamente á EMPRESA unha subvención por importe máximo de **392.405,53 € (trescentos noventa e dous mil catrocentos cinco euros con cincoenta e trés céntimos)** para o desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do programa e dos seus gastos detallados no anexo do convenio.

2.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

3.- Xestionar o pagamento do importe da subvención tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando o anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras EMPRESAs distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras EMPRESAs que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:
En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O pagamento da cantidade recollida no pacto cuarto deste convenio efectuarase por transferencia bancaria a conta de titularidade da EMPRESA beneficiaria, según o seguinte:

- Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio, que incluirá todos os gastos susceptibles de ser subvencionados dende o 1 decembro de 2017 ao 31 de outubro de 2018.

- Un segundo e derradeiro pagamento que incluirá todos os gastos susceptibles de ser subvencionados dende o 1 ao 15 de novembro

A EMPRESA terá que solicitar o importe correspondente ao custo das actividades desenvolvidas nese período, conforme a programación do anexo, acompañando a memoria parcial das actividades e a memoria parcial económica correspondente a cada período.

A EMPRESA, xunto coa solicitude do último pagamento, deberá presentar ademais un informe final relativo ao desenvolvemento do programa recollido no Anexo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A EMPRESA está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a EMPRESA beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.
Documentación a incluír na conta xustificativa para cada pagamento:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión, cos logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como EMPRESA destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola EMPRESA beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Cando a EMPRESA beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

<u>Gastos subvencionables:</u>

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 1 de decembro de 2017 ata o 15 de novembro de 2018, e que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da EMPRESA, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos susceptibles de ser subvencionados serán:

* Do 1 de decembro de 2017 ao 31 de marzo de 2018: todos os gastos derivados das actividades programadas tanto directa como indirectamente.
* Do 1 de abril ao 15 de novembro de 2018: exclusivamente os gastos derivados da xestión directa de actividades por parte da EMPRESA.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**NOVENA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A EMPRESA está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO TERCEIRA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO CUARTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

**DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento. Así mesmo, queda facultado para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades como no seu orzamento que se recollen no Anexo, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe total da subvención prevista no pacto cuarto deste convenio.

**DÉCIMO SÉTIMA**.- **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da EMPRESA a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

## 8(1338).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 116/441.

Visto o informe xurídico do 13/11/18 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 12/11/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 16/10/18 Informe de necesidade e idoneidade polo Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario. No referido Informe refírense nos antecedentes, que con data 28 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno Local declara deserto o procedemento aberto para o novo contrato de subministro de gas natural, debido a que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 05-09-2018, e que rematou o día 20 de setembro do presente ano, non se presentou ningunha oferta económica.

Tendo en conta que o actual contrato de subministro de gas finaliza aproximadamente o 30 de novembro de 2018, e que é imprescindible non interromper o subministro de gas nin aos centros escolares, Pazo de Congreso, nin as dependencias municipais, xa que é necesario para o seu normal funcionamento que dispoñan de auga quente e calefacción, especialmente nos meses de inverno, é tendo en conta a excepcionalidade producida na tramitación do procedemento aberto mencionado, quedando deserto por no haberse presentado ningún licitador, considerase necesario iniciar un novo expediente de

contratación que  posibilite administrativamente a continuidade deste subministro.

Entre as posibles causas que motivaron a non presentación de ofertas no procedemento aberto (70/440), debese ter en conta o aumento económico experimentado polo gas natural durante o propio período de licitación de referido contrato, o cal tiña como referencia un importe unitario fixo sen revisión, polo cal dito prezo deberá ser revisado a alza, e consecuentemente o PCAP deberá ser modificado de maneira sustancial en relación ao prezo do contrato, o cal deriva no imposibilidade de acudir ao procedemento negociado sen publicidade recollido no artigo 168 da LCSP.

Atendendo as citadas circunstancias e coa finalidade de axilizar os prazos para a adxudicación deste contrato, proponse o desenvolvemento dun contrato maior de subministro con un procedemento de adxudicación aberto simplificado, e con duración de 4 meses.

2.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data  16/10/18.

4.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 16/10/1818 polo polo Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 16/10/18, acordando “iniciar o expediente para a contratación do SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 17 de outubro de 2018.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e a Xefa de Educación , conformada polos concelleiros delgados de educación e fomento, con data última de firmas de 25.10.2018.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 26/10/18.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 08/11/18.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello. A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2.018.

**Sexto.**- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

**Segundo-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 17 de octubre de 2018.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 08/11/18.

**Cuarto.-**
Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo OITENTA E SETE MIL EUROS (87,000,00 €) IVE engadido, sendo o importe do IVE de QUINCE QUINCE MIL NOVENTA E NOVE MIL EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (15.099,17 €).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2.018 e 2.019, de acordo as seguintes aplicacións orzamentarias e créditos:

| Distribución orzamentaria anualidades | Importes con IVE |
|---|---|
| 2018( 1 mes) | |
| Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00. | 6.661,16 € |
| Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00. | 15.115,70 € |
| Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00. | 512,40 € |
| Total 2018 | 22.289,26 € |
| 2019( 3 meses) | |
| Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00. | 19.338,84 € |
| Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00. | 43.884,30 € |
| Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00. | 1.487,60 € |
| Total 2019 | 64.710,74 € |
| Total | 87.000,00 € |

O prezo estimado do contrato ascende a 97.066,12 €.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1339).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO PARA A OBRA DE "SUBSTITUCIÓN DE ABASTECEMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS". EXPTE. 1977/440.**
Visto o informe de fiscalización de data 15/11/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Servizo Administrativo e de

Control Orzamentario, o xefe de Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**Antecedentes**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

**II.-** Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluirían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

**III.-** Con data 26 de xullo de 2013, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emitiu informe sobre a necesidade de iniciar a renovación das redes de abastecemento e saneamento da parroquia de Teis; informe a vista do cal o Concelleiro da Área de Fomento con data 29 de Xullo de 2013, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto, que deu lugar á Resolución da Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2013, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis”, incluindo o mesmo dentro das inversións a realizar no plan de investimentos da concesionaria.

**IV.-** De conformidade con este Acordo, a Concesionaria presentou en febreiro de 2014 o Proxecto para a “Renovación de redes de Abastecemento e Saneamento na Parroquia de Teis. Fase I” que define as obras necesarias para a renovación das canalizacións nas rúas Espiñeiro, Avda. Mariña Española, rúa Oliveira, rúa Toural de Abaixo, rúa Coutadas e Camiño Cancelo. Posteriormente, se presentaron os Proxectos das Fases II de renovación de redes de Abastecemento e Saneamento na Parroquia de Teis (marzo de 2014) e Fase III de Renovación da rede de Saneamento da Avenida de Galicia (decembro de 2016).

**V.-** Con data 9 de novembro de 2018, a empresa Aqualia presenta, como outra fase da actuación “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis”, o proxecto de “SUBSTITUCIÓN DE ABASTECEMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, con sinatura dixital de 01/10/2018, que ten un orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E TRES MIL CENTO TRINTA E UN EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (53.131,14 EUROS) e CORENTA e TRES MIL NOVECENTOS DEZ

EUROS CON TRES CÉNTIMOS (43.910,03 Euros), sen IVE. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento. Esta actuación pola súa ubicación e natureza está comprendida dentro do alcance da encomenda para a "Renovación das redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis", poidendose identificar como Fase IV.

**VI.-** Este proxecto conta coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio de data 24 de outubro de 2018 para a realización de sondaxes e control arqueolóxico para substitución do abastecemento existente, baixo a dirección da arqueóloga Eva Albadalejo Iglesias. Ademais, a Arqueóloga Municipal, no presente mes informou favorablemente a aprobación do proxecto dende o punto de vista arqueolóxico, indicando que deberán recollerse no acordo de aprobación determinadas esixencias, que a continuación se relacionan:

"Deberanse comunicar coa suficiente antelación as datas de inicio e remate da intervención, mediante correo electrónico ou fax, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O. U. e á oficina de arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, co obxecto de poder efectuar a correspondente inspección.

De apareceren restos arqueolóxicos en posición primaria informarase, de inmediato, á oficina de arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Histórico e ao devandito departamento territorial, para a adopción das medidas oportunas.

Rematada a actuación presentarase, no prazo máximo de dez días e nese mesmo servizo municipal, catro exemplares do informe valorativo da intervención arqueolóxica (dous deles para a súa tramitación á Dirección Xeral de Patrimonio) e, no prazo máximo de 6 meses, a memoria técnica da intervención e copia da acta de depósito, estendida polo responsable legal do Museo. Unha copia desta documentación presentarase en soporte dixital".

**VII.-** Con data 9 de novembro de 2018, a Concesionaria presentou o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 8.614,11 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 13 de novembro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

**VIII.-** A actuación consiste en executar a substitución da tubaxe existente por unha nova canalización de polietileno no treito entre o nº 171 da avda. de Galicia e o Colexio S. Salvador de Teis, nun treito de 155 metros. Contémplase a renovación das acometidas así coma a instalación de tres bocas de rego e a reposición do pavimento afectado.

**IX.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, con data 15 de novembro de 2018, informa favorablemente ao proxecto presentado

**Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**Primeira.-** O procedemento para a aprobación do proxecto de obras ao que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Habida conta do orzamento das obras relativas á "Substitución de abastecemento existente por nova condución de polietileno treito entre o nº 171 de Avda. de Galicia e o Colexio San Salvador de Teis" e a súa natureza cabe a simplificación da

documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

**Terceira.-** O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 13 de novembro de 2018 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013. Por último indicar que o Proxecto conta coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio de data 24 de outubro de 2018 para a realización de sondaxes e control arqueolóxico para substitución do abastecemento existente e co informe favorable da Arqueóloga Municipal, que esixe o cumprimento das determinadas esixencias referidas nos Antecedentes do presente Informe.

**Cuarta.-** A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre "Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE", corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras de SUBSTITUCIÓN DE ABASTECEMENTO EXISTENTE POR NOVA CONDUCIÓN DE POLIETILENO TREITO ENTRE O Nº 171 DE AVDA. DE GALICIA E O COLEXIO SAN SALVADOR DE TEIS", por un importe de CORENTA E TRES MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON TRES CÉNTIMOS (43.910,03 Euros), IVE excluído e un prazo de execución de 1 mes con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

**Segundo.-** De conformidade coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio de data 24 de outubro de 2018 e do informe da Arqueóloga Municipal, para a realización dos sondaxes e control arqueolóxico para substitución do abastecemento existente, deberan cumprirse as seguintes esixencias:

a/ Debera comunicarse coa suficiente antelación as datas de inicio e remate da intervención, mediante correo electrónico ou fax, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O. U. e á oficina de arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, co obxecto de poder efectuar a correspondente inspección.

b/ De apareceren restos arqueolóxicos en posición primaria informarase, de inmediato, á oficina de arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Histórico e ao devandito departamento territorial, para a adopción das medidas oportunas.

c/ Rematada a actuación presentarase, no prazo máximo de dez días no Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo catro exemplares do informe valorativo da intervención arqueolóxica (dous deles para a súa tramitación á Dirección Xeral de

Patrimonio) e, no prazo máximo de 6 meses, a memoria técnica da intervención e copia da acta de depósito, estendida polo responsable legal do Museo. Unha copia desta documentación presentarase en soporte dixital.

**Terceiro.-** Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 8.614,11 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 737,98 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 737,98 € |
| Control Arqueolóxico | Eva Albadalejo Iglesias | 6,100,00 € |
| Coordinacion de seguridade e saúde | PROYEGAL | 184,50 € |
| | SUMA | 7.760,46 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 853,65 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 8.614,11 € |

**Cuarto.-** Notifíquese o presente acordo a "Aqualia FCC-Vigo UTE", con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1340).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO-MARXE IMPAR". EXPTE. 3423/443.**

Visto o informe de fiscalización de data 15/11/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.11.16, resolveu autorizar o gasto para para redacción do proxecto de Humanización da Avda. García Barbón (dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro) a prol da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L. (B36983906).

**II.-** A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR-", redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) e data abril de 2017.

**III.**- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017, sendo publicada a súa aprobación definitiva no BOP do día 30/07/2018. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.70 "HUMANIZACIÓN G. BARBÓN ENTRE S. AVENDAÑO E R. CASTRO MARGEN IMPAR".

**IV.**- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 11.05.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 15.05.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, de data 03.08.2018, autorizando á execución das obras proxectadas por tratarse dunha actuación no ámbito de protección do xacemento arqueolóxico de Pontevedra Areal (GA36057083), ben incluído no catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no catálogo do planeamento vixente, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

"Deberá realizarse unhas sondaxes mecánicas previas. A eses efectos O Concello xa ten presentado un proxecto de sondaxes arqueolóxicas para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

**VI.-** A actuación desenrólase na Avda. García Barbón, dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro, marxe impar, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Renovárase a pavimentación, instalarase unha nova rede de abastecemento, e unha rede de saneamento separativa, instalarase unha nova rede de alumeado e unha rede de rego. Manterase o arborado existente e dispoñerase nova xardinería e mobiliario urbano.
- A beirarrúa estará composta por lousas de granito gris alba de 40x60 y 6 cm de espesor.
- Na rede de abastecemento, proxéctase a renovación da tubaxe existente, substituirase por unha nova tubaxe de fundición dúctil e de diámetro 150 mm.
- Na rede de saneamento de fecais, renovárase con tubaxe de PVC de diámetro 400 mm o cruzamento á altura de Miragaia, ata un pozo de rexistro existente na calzada.

- Así mesmo, renovárase o tramo do colector de diámetro 800 mm procedente da estación de Urzáiz.
- Na rede de saneamento de pluviais, dispoñerase unha rede separativa de saneamento.
- En canto ao alumeado, dado que a iluminación existente encóntrase en bo estado e con tecnoloxía led de última xeración, deberase unicamente ter en conta a limpeza, granallado, zincado e posterior pintado das columnas existentes, así coma a limpeza e pintado dos farois tipo Palacio existentes.
- Na reposición da rede de gas, conservarase a rede de gas existente.
- Na rede eléctrica e rede de telecomunicacións, proxectase unha canalización para a rede eléctrica. En canto a rede de telecomunicacións, proxectase unha canalización dende o fronte do nº 101 da rúa ata o nº 107.
- Na rede de semaforización, proxectase unha nova rede. Renóvanse os semáforos e columnas, e instalarase un poste con cámara de TV na marxe dereito da rúa, na esquina do cruzamento con Serafín Avendaño. Ademais, instalarase nos semáforos do paso peonil, un sistema acústico para invidentes con opción de activación por mando ou bluetooh e un sistema de línea de luz led con tres tramos en cada unha das beirarrúas do paso peonil.
- Proxectase unha rede de rego, e manterase o arborado existente.
- Instalaranse os sinais verticais oportunos e pintarase os símbolos de aparcadoiros, cebreados ou frechas.
- En canto o mobiliario urbano, colocaranse 3 papeleiras e 5 bancos.
- Os alcorques serán de adoquín de granito branco mera e instalaranse xardineiras de chapa de aceiro galvanizado.
- Recreceranse todas as arquetas á cota de beirarrúa o vial proxectados e substituíse as tapas cando xea necesario.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

VI.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 13.11.2018 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo. Art. 235 da “lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da

Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR-", redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) e data abril de 2017, e con sinatura dixital de data 12.11.2018.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1341).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA XEFA DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DA ÁREA CULTURAL POR DELEGACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA REFERENTE Á REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA (ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA). EXPTE. 3516/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/18, asinado pola xefa de Xestión Patrimonial e Territorial, a Titular da Asesoría Xurídica Municipal e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

En data 24 de setembro de 2018, recibiuse electrónicamente o documento núm. 180153644, resolución de data 20.09.2018, asinada pola xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural por delegación da Dirección xeral de Patrimonio cultural da Xunta de Galicia segundo Resolución de data 19.03.2018, pola que se resolve, en relación co asunto de referencia:

"***Non autorizar*** *a rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía (entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua), por canto a Gran Vía é un elemento da estrutura urbana característica dun momento histórico e da formación da cidade de Vigo, no que o espazo de bulevar constitúe o elemento definitorio básico do contorno inmediato dos edificios catalogados, conformando todos os elementos un conxunto urbano de gran valor social e cultural, e as intervencións contemporáneas propostas non respectan o carácter da rúa nin conservan os valores ambientais do conxunto, non resultando harmoniosas coas características do ámbito, ao presentar deseños de construción, axardinamento, arborado e elementos de mobiliario e ornato que na forma, altura, materiais e cromatismo non son compatibles cos criterios que para as intervencións nos contornos de protección dos edificios catalogados establece o artigo 46 da LPC"*

Previamente, a Xunta de Goberno do Concello de Vigo en data 21 de decembro de 2017, tras a tramitación oportuna aprobara o proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua.

O luns 7 de maio de 2018, notifícase por correo electrónico ao Concello a inclusión na orde do día da sesión do Consello territorial de data 09.05.2018 do expediente 490.2018, proxecto de Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía ("Con. Edificacións catalagadas) , aos efectos de que o Concello poida comparecer como "convidado"[1]. Na sesión citada, acórdase que "...*a actuación proposta non é acorde coa preservación do conxunto urbano de gran valor social e cultural do que forma parte a Gran Vía, sendo esta en particular un elemento da estrutura urbana característica dun momento histórico e da formación da cidade; polo que deberá aportarse nova proposta..." .* Al alegacións formuladas contra tal acordo, provocan a desestimación transcrita no primer párrafo do presente.

Solicitado desta Xefatura de Área emisión de informe xurídico sobre a pertinencia de interpoñer recurso contencioso administrativo contra a devandita resolución, emitese o seguinte

1 Entende a Delegación territorial que a intervención esixe autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico en virtude do disposto no art 39 da Lei de patrimonio cultural de Galicia

**INFORME PROPOSTA**

Entendemos que a resolución adolece dunha serie de infraccións xurídicas de orde formal e material que de seguido se detallan, e que xustifican a proposta de recurso, a maioría das cales teñen sido evidenciadas en vía administrativa ante o órgano competente da Conselleria de Cultura, e que non teñen sido consideradas na resolución .

**I.- Infraccións do ordenamento xurídico de carácter formal**
Son varias as infraccións do ordenamiento xurídico en canto á forma da resolución que conlevan a necesaria declaración de nulidade do mesmo, segundo prescribe o artigo 47.1 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común (LPACAP no sucesivo),  e que pasamos a enumerar e xustificar:

<u>I.- 1 Nulidade da resolución do 19 de marzo de 2018, da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación da Área Cultural das xefaturas territorias deste Consellería o exercizo de determinadas competencias.</u>

O oficio recibido da Xunta de Galicia, traslada RESOLUCIÓN adoptada pola xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra ditada segundo delegación conferida en virtude de RESOLUCIÓN do 19 de marzo de 2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación da Área Cultural das xefaturas territoriais da consellería o exercicio de determinadas competencias.

A Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que regula a organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, faculta, no apartado primeiro do seu artigo 6, a que o exercicio das competencias cuxa titularidade corresponda a **órganos** da Administración autonómica poida ser delegado **noutros órganos** da propia Administración autonómica ou dalgunha entidade integrante do sector público autonómico.

Cómpre aquí citar concretas determinacións da estructura orgánica da Xunta de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O apartado primeiro do artigo 13 do Decreto 4/2013,  de 10 de xaneiro, polo que se establece a estructura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, expresa que lle corresponde á Dirección xeral de Patrimonio cultural, a dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todalas súas manifestacións...e especialmente as seguintes funcións: *..f) informar e resolver, no seu caso, os procedementos que afecten ao patrimonio cultural, conforme á normativa vixente.*

O artigo 25 da Lei 16/2010 distingue entre órganos superiores e de dirección; neste sentido indica,

1. Son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir éstas, e as secretarías xerais.

2. Son órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as secretarías xerais técnicas, as direcciones xerais e equivalentes, as vicesecretarías xe-

rais, as subdireccións xerais, as delegacións territoriais, as secretarías territoriais e as xefaturas territoriais.

Para o cumprimento das súas funcións, a Dirección xeral de Patrimonio Cultural conta con dúas unidades con nivel orgánico de subdirección xeral (órganos de dirección) que se definen no apartado 2 do citado artigo 13, que son a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural e a Subdirección Xeral de Conservación e Restauracíón den Bens Culturais.

As Xefaturas de Servizo, entre elas a Xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra, non son órganos superiores nin órganos de dirección, son, "unidades administrativas" , de máximo rango, pero "unidades administrativas", xa que logo, certo resulta que o Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra non é un órgano da Administración Autonómica.

A maior abastanza, o Titulo II do Decreto 4/2013, regula as Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, e explicita no artigo 30 as súas funcións, entre outras, a coordinación dos servizos ou unidades nas que se integran cada Xefatura territorial, sen prexuízo da dependencia funcional destes servizos ou unidades, dos órganos superiores ou de dirección da Consellería. En concreto, o apartado 3 do artigo 30 adicado ás Xefatura territoriais de A Coruña e Pontevedra, diseña unidades, **con nivel orgánico de servizo,** dirixidas pola Xefatura territorial, entre as que se atopa o Servizo de Coordinación da Área Cultural, ocupado na actualidade pola sra. M.ª José Echevarría Moreno, a quen lle corresponderá a asumir a Vicepresidencia da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico.

Como indica o artigo 36.2 da Lei 16/2010 incluido na Sección 4ª do Capitulo II do Título I, é dicir, ao marxe dos "órganos de dirección" da Sección 3ª, "os servizos constitúen órganos de apoio aos órganos de dirección de cada consellería, aos que lles corresponden, ademais das competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica, as funcións de informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, así como funcións de planificación, coordinación, dirección e control das unidades administrativas deles dependentes".

En consecuencia, a delegación invocada en tanto en canto **realizada a unha "unidade administrativa" e non a un "órgano"** , é contraria a Dereito, ao infrinxir o artigo 6 da Lei 16/2010 e o artigo 9 da Lei 40/2015, sendo en consecuencia a RESOLUCIÓN adoptada en virtude de tal delegación nula de pleno dereito ao ser adoptado por un órgano, neste caso "unidade" , manifestamente incompetente , artigo 47.1.b) Lei 39/2015.

Respecto a esta infracción, a resolución da Xefatura do Servicio autonómico, limítase a dicir que "é de obrigado cumprimento"...(non rebate a realidade exposta).

I.2 <u>Incompetencia da Xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural para presidir o Consello territorial de Patrimonio histórico</u>
O artigo 2 do Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, regula a súa composición, asignándolle a presidencia, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, mentras que a vicepresidencia lle corresponde á persoa titular do servicio de coordinación cultural da xefatura territorial da concellería de patrimonio cultural, en Pontevedra, como se ten dito, a sra. M.ª José Echevarría.

A presidencia do Consello terrorial de Pontevedra ven sido exercida pola vicepresidenta de xeito ordinario, sen que a resolución do 19 de marzo de 2018 abranga a delegación na xefatura do servizo, probablemente porque tería incorrido nos mesmos vicios invalidantes denunciados no epígrafe II.1 destas alegacións, en tanto que a xefatura do servizo non é un órgano da administración autonómica.

Tampoco cabe pensar que a titular desta xefatura, está a actuar como suplente da presidenta da comisión, pois tal suplencia debe ter sido disposta pola presidencia, en virtude do sinalado no artigo 12 da Lei 16/2010 autonómica, sen que esta circunstancia se teña producido á vista da convocatoria notificada pola secretaría do Consello territorial o 7 de maio de 2018.

En consecuencia, tanto a sesión realizada o 9 de maio de 2018, como a do 12 de setembro de 2018, que provocaron sendos ditames que xustificaron a resolución que se está a impugnar, son nulas de pleno dereito por infracción do artigo 47.1.b) Lei 39/2015, ó se prescindir total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da voluntade dos órganos colexiados, ó se celebrar baixo a presidencia dunha Xefa de servizo sen competencia.

Respecto a esta infracción, a resposta da Xefatura do Servicio autonómico, é a mesma ca anterior, limítase a dicir que "é de obrigado cumprimento"...(non rebate ).

I.3.<u>- Incompetencia material do Consello territorial de Patrimonio histórico</u>
Ademais das infraccións referentes a intervencións persoais sen competencia, cabe sinalar que o mesmo Decreto 93/2017, de 14 de setembro, na letra "a" segundo párrafo do art 3, enumera as funcións propias do órgano colexiado, excluíndo expresamente as intervencións ou obras que se leven a cabo nos entornos de protección de bens inmobles incluídos no Rexistro de Bens de Interese cultural de Galicia. En efecto, o artigo 3 letra "a" é do seguinte tenor literal:

*"Son funciones de los consejos territoriales de Patrimonio Cultural, con competencia dentro del ámbito territorial respectivo de las provincias de A Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra:*
*a) Emitir dictamen sobre los expedientes de proyectos de obras e intervenciones que afecten a los bi enes inmuebles localizados en su ámbito territorial incluidos en el Registro de Bienes de Interés Cultural de Galicia, salvo los que se refieran a intervenciones de mantenimiento y conservación preventivo, y los incluidos en el Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia con un nivel de protección integral, respecto de las actuaciones previstas en los letras b), c) y d) del apartado primero del artículo 42 de la Ley 5/2016, de 4 de mayo del patrimonio cultural de Galicia.*
***Se excluirán de dicho trámite aquellas intervenciones u obras que se lleven a cabo en su entorno de protección o zona de amortiguación**; las que promueva directamente la dirección general competente en materia de patrimonio cultural; las que afecten al patrimonio de la Iglesia Católica; las que se propongan sobre los bienes declarados de interés cultural que cuenten con un plan especial d e protección aprobado, y las que se localicen en el territorio histórico delimitado de los Caminos de S antiago.*
*El consejo territorial informará a la dirección general competente en materia de patrimonio cultural de todas las intervenciones y proyectos informados relativos a bienes de interés cultural."*

Concello de Vigo

Debemos neste punto lembrar que o artigo 34.1 LPACAP, determina como non podía ser doutra forma, que os actos administrativos se deben producir polos órganos competentes, axustándose aos requisitos e procedemento establecido.

En canto a esta incompetencia, a resolución emitida pola Xefatura do Servizo, e en relación coa alegación presentada polo Concello con ocasión do trámite previo de alegacións, entende que ó se tratar de actos de trámite, non opera a nulidade, e que a intevención da Comisión é facultativa segundo artigo 1 do Decreto 93/2017.

Sexa con carácter previo á resolución do procedemento, sexa con carácter previo ó trámite de alegacións , o certo é que a intervención da Comisíon está excluída expresamente no artigo 3 letra "a"do citado Decreto, e de se considerar "facultativa", deberá xustificarse para evitar arbitrariedades e desviacións de poder. En todo caso, o ditame da Comisión, admite una impugnación separada, toda vez que coma ben senta a resolución que se discute, estamos ante un acto de trámite **que decide indirectamente o procedemento**, ó considerar que *a actuación proposta non é acorde coa preservación do conxunto urbano de gran valor social e cultural do que forma parte a Gran Vía, …. polo que deberá aportarse nova proposta" , ...*Non é certo que se trate dun mero requerimento para aportar documentación, como dí o apartado terceiro dos antecedentes da resolución, e insiste nos apdos 3.4 e 3.5 senón que se está a desestimar indirectamente o proxecto presentado. Nótese que a documentación que se pide subsanar consiste en presentar un **NOVO PROXECTO.**

Xa que logo, ditaminado por un órgano manifestamente incompetente, á vista do disposto no artigos 3 do Decreto 93/2017, de 14 de setembro, 8.1 da Lei 40/2015 que ten carácter de precepto básico [1] e 5.1 da Lei autonómica 16/2010, sector público de Galicia, que de forma indubitada obrigan a que a competencia se exerza polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, a RESOLUCIÓN notificada, en tanto que se produce en base ao ditame do Consello territorial, debe ser calificado tamén como nulo de pleno dereito, por infracción do artigo 47.1.e) LPACAP, ó se prescindir total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da voluntade dos órganos colexiados, neste caso Consello territorial, ademais do procedemento legalmente establecido para acordar as autorizacións en materia de protección do patrimonio histórico.

II.4.-Indefensión creada ao Concello de Vigo como consecuencia da tramitación seguida pola Delegacion territorial da Consellería de Cultura ao incluir na orde do día do Consello territorial de Patrimonio histórico de data 09.05.18 e resolver o procedemento de autorización sectorial do proxecto con absoluto desprecio das alegacións presentadas pola administración local durante o trámite de audiencia ante o mesmo en data 9 de maio de 2018

O luns 7 de maio de 2018, ás 14 horas e 22 minutos, notifícase por correo electrónico ao Concello a inclusión na orde do día da sesión do Consello territorial de data 09.05.2018 do expediente 490.2018, proxecto de Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía ("Con. Edficacións catalagodas) , aos efectos de que o Concello poida comparecer como "convidado" para realizar unha exposición naquela sesión, tal e como posibilita o apartado 7 do artigo 2 do Decreto 93/2017, de 14 de setembro, e toda vez que se tratarán

1 Disposición final décimo cuarta da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“asuntos que afectan directamente ó Concello de Vigo”, según reza a notificación que se recibe .

Ante este acto, que o Concello de Vigo considera ilegal polos fundamentos recollidos no epígrafe III desta alegacións, o 8 de maio, esta Administración municipal,en calidade de promotora da actuación de humanización na Gran Vía de Vigo, solicita á Secretaría da Comisión, en virtude do previsto nos artigos 4.1 e 13 letra “d” da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, artigos 2, 24.1, 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, artigos 3 .1 letras “a”, “e”,” f”, “i”, e”k” , 140.1 letras “a”, “b”, “c”, ”g”, 141.1 letra “a” específicamente o disposto na letra “c” deste artigo da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e 142 letra “a” en canto ó deber de facilitar a información que este Concello precisa sobre a actividade que desenvolve en exercizo das súas propias competencias definidas na Lei de bases de réxime local, o envío por correo electrónico dos **informes técnicos** da Delegación de Patrimonio Cultural que serían tratados na xuntanza, en relación coa actuación de humanización na Gran Vía de Vigo, e demais información, datos, documentos, en posesión da Xunta de Galicia relacionados con este proxecto e que este Ente local precisaría para desenvolver de xeito adecuado as súas competencias.

Este escrito na data de hoxe non tivo contestación.

En todo caso, ao día seguinte, 9 de maio, a representación municipal comparece ante o Consello territorial, diante do cal se da cumprida conta dos fundamentos xurídicos que invalidan a acción da que dí ser a Presidencia do Consello ó integrar na orde do día o proxecto da Gran Vía, por falta de competencia manifesta, en tanto en canto o proxecto ten sido aprobado segundo procedemento normativo previsto na Lei do solo de Galicia, e sen que caiba intervención algunha do Consello terrorial.

Pois ben, a pesares dos intentos deste Concello para conseguir unha explicación en dereito das actuacións da Consellería de Cultura, da petición dos informes técnicos que deben fundamentar tales actos administrativos, da comparecencia realizada na sesión de data 09.05.2018, **da entrega por escrito das alegacións e razóns que en defensa dos intereses públicos municipais, e da petición de que se recolla en acta a petición de retirada do asinto da orde do día,** a Xefa do Servizo de Coordinación da Área cultural da delegación terirtorial provincial, dicta un ACORDO primeiro e unha RESOLUCIÓN despois que ignora simple e llanamente as alegacións que o Concello presenta, actuación infractora do principio constitucional previsto na letra “c” do artigo 105 CE, que asiste a TODO INTERESADO, esto é, ser oído en todo procedemento administrativo e a que as súas manifestacións sexan tidas en conta na resolución do expediente.

Nega a Resolución final do procedemento seguido ante a Delegación provincial, a condición de interesado do Concello de Vigo no expediente, e xa que logo dos dereitos básicos que lle asisten como o de presentar alegacións. Sinalar que o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 39/2015 con claridade considera interesados no procedemento a quenes os promuevan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos. Obviando o caráct e r de administración pública local do Concello de Vigo, é claro que o promotor do proxecto desestimado é o propio CONCELLO DE VIGO, quen ten dereito a acceder ao expediente e obter copia do mesmo, incluso de tódolos INFORMES TÉCNICOS.

Semella unha burla insistir en que durante a instrucción se ten escoitado ao Concello cando o acordo do 9 de maio non contempla as alegacións presentadas ante a Comisión territorial e entregadas en man naquel momento.

Este abuso e negación do principio constitucional de audiencia, pola súa gravidade, conleva a nulidade de pleno dereito do primer Acordo autonómico do 10 de maio de 2018, e xa que logo da posterior resolución do 20 de setembro de 2018 por infracción do artigo 47.1.e) LPACAP, ó se prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, en concreto, da participación dos interesados no procedemento, artigo 82.1 da mesma Lei, e que desenvolve o dereito que lle asiste a todo interesado de ser oído con carácter previo á redacción da proposta de resolución, máxime coñecendo que a interesada-promotora da actuación é unha administración pública en defensa de intereses públicos e lexítimos e en exercizo das súas competencias constitucionais .

II.5.- Infracción do artigo básico[1] 88 da Lei 39/2015, PACAP

O artigo 88 LPACAP, obriga a motivar os acordos, decidindo tódalas cuestions formuladas polos interesados.

O artigo 35 obriga a motivar, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, no apartado primeiro, entre outros, a aqueles que limiten intereses lexítimos, os que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes[2].

A pesares de que o acordo inicial desestimatorio de maio carecía de calquer xustificación, a representación do Concello, nas alegacións presentadas o 30 de maio, insistiu no axusta á dereito da actuación pretendida, específicamente o respeto ó artigo 46 LPCG no que se recollen os criterios específicos de intervención para os contornos de protección, limitádose dicir que non se aprecia na documentación a incidencia real e que non se aportan modificacións á solución inicial do proxecto, que seguimos sen coñecer porqué no cumpre coa lexislación patrimonial.

De novo a RESOLUCIÓN debe ser declarada nula de pleno dereito por infracción do art 47.1.e) LPACAP, ó se prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, nesta ocasión, por falta de motivación dun acto de contido negativo.

II.6.- Incongruencia do acordo da Directora xeral de Patrimonio Cultural

Por último, o ACORDO de data 10.05.18 adolece de incongruencia formal, toda vez que por unha parte, á vista do ditame, **resolve** desestimando o proxecto e requerindo unha nova proposta, acto que esixe a notificación dos recursos administrativos ou xurisdiccionais que contra o mesmo, artigo 112 la LPACAP; doutra parte, notifícase un trámite de audiencia e vista coma se o procedemento non tivese finalizado, cando se está a dar conta dun acordo, ou resolución que necesariamente pon fin ó procedemento administrativo, pois rexeita o proxecto estudiado.

1 Disposición final décimo cuarta da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ó carácer de este precepto

2 Tal é o caso como se explica no apartado III destas alegacións, en tanto noutros proxectos que a Consellería tivo ocasión de coñecer, e que se desenvolvían a carón de edificacións protexidas polo planeamento urbanístico de Vigo, nomeadamente urbanización rúa García Olloqui, e Praza de Compostela, urbanización da rúa Canceleiro, a Dirección xeral de Patrimonio cultural, non esixiu a autorización previa sectorial para aprobar os proxectos

Para mais confusión se advirte que de non presentar nova proposta no prazo de tres meses resolverase o expediente mediante declaración de caducidade...¿pero non se tén desestimado o proxecto mediante acordo expreso do órgano aparentemente competente?
Estas incongruencias producen indefensión a esta administración que non sabe por cal vía optar de cara a manifestar a ilegalidade do acordo.

Xa entrando no contido propio da RESOLUCIÓN, resulta obrigado por de manifesto unha serie de infraccións normativas que se deberían ter considerado na resolución do expediente, como consecuencia da presentación persoal e por escrito das mesmas na sesión do Consello territorial que tivo lugar o 9 de maio

**III.- Infraccións do ordenamento xurídico materiais**

<u>III.1.Incompetencia da Dirección xeral de Patrimonio Cultural para autorizar o proxecto da Gran Vía</u>

*III.1.1. Introducción: o respeto ó principio de autonomía local*
Ós efectos de analizar o alcance da intervención dunha administración (a autonómica) a través tanto da lexislación e da actuación administrativa, na esfera da competencias doutra (concellos), debemos previamente lembrar a configuración integrada que do principio de autonomía local conteñen a Constitución española, os Tratados internacionais e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e na mesma liña o Tribunal Supremo.

O artigo 137 CE diseña a organización do Estado en municipios, en provincias y en Comunidades Autónomas, recoñecendo que todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses; expresamente o artigo 140 garantiza a autonomía dos municipios . Para esa xestión dos seus interes, o artigo 142 CE senta o principio de suficiencia financieira, e así garantiza que as Facendas Locais dispoñan dos medios dabondo para o desempeño das súas funcións por ley atribuídas.

A Carta Europea de Autonomía Local feita en Estrasburgo o 15 de octubre de 1985, ratificada e asinada por España e publicada no BOE núm. 47, do 24 de febreiro de 19889, no seu Texto consolidado ref. BOE A-1989-4370, no apartado terceiro do seu artigo 4 define o alcance da autonomia local: “o exercizo das competencias públicas debe, de modo xeral, incumbir preferentemente ás autoridades mais cercanas ós ciudadáns. A atribución dunha competencia a outra autoridade debe ter en conta a amplitude ou a natureza da tarea ou as necesidades de eficacia ou economía”.

Porén, o Tribunal Constitucional en constante doctrina ( SSTC 4/1981, de 2 de febreiro, 14/1981, de 29 de abril, 24/1981, de 14 de xullo, e 32/1981, de 28 de xullo), concibe **esencialmente a autonomía local como unha garantía institucional, o que supón que non pode ser suprimida polas leis, e que toda Lei que polo seu contido material a suprima ou a prive do seu contido esencial resulte inconstitucional.** “dita garantía é descoñecida cando a institución é limitada de tal xeito que se lle priva prácticamente das súas posibilidades de existencia real como institución para se convertir nun simple nombre” (STC 159/2001, cit., FJ 4) .

Este marco de garantía institucional debe ser respetado polos lexisladores constitucionalmente habilitados para regular as materias que formen parte dese núcleo indisponible con-

sagrado pola CE, de tal forma que non poderán lexislar de forma que establezan un contido da autonomía local incompatible co marco xeral perfilado nos arts. 137, 140 e 141 CE, so pena de incurrir en inconstitucionalidade.

Para acabar de configurar o marco xurídico supralegal que sirve como garantía da autonomía local resta por citar o importante principio de subsidiaridade, acuñado pola lexislación europea, e que se consagra no artigo 5 do Tratado da UE, e que se concreta en que as decisións deben ser adoptadas pola instancia mais próxima ós cidadáns.

*III.1.2.Incompetencia material ó abeiro das normativa en materia de urbanismo e patrimonio histórico*

Seguindo coa cita da Norma Supema, o seu artigo 149.1 atribúe ó Estado a competencia exclusiva, entre outras, en canto ás bases do réxime xurídico das Administraciones públicas. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na letra "a" do apartado segundo do artigo 25 recoñece como como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas[1] as materias, entre outras, de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística; así como protección e xestión do Patrimonio histórico .

A maior abastanza, no que atinxe á atribución orgánica das competencias urbanisticas, e para os "municipios de gran poboación", o artigo 123 LRBRL, atribúe ó Concello Pleno a competencia en canto á aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, e o artigo 127.1 fai o propio coa Xunta de Goberno Local en canto á aprobación de los proyectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ó Pleno, as aprobacións dos instrumentos de planeamiento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuidas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, e por último a concesión de calquer tipo de licencia

En exercizo de tales competencias autorizadas nos preceptos 149.1 , 148.1.3ª CE, e 27 da Lei orgánica 1/1981, de 4 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade autónoma de Galicia, ten asumido competencias en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda e Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese para Galicia.

Pasemos a continuación a detallar o réxime xurídico de desenvolvemento destas competencias urbanísticas e de protección do Patrimonio histórico, e específicamente ao que atinxe ó Proxecto que nos ocupa.

**En canto á materia urbanística**, como se recolle no primer párrafo do epígrafe II, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en desenvolvemento da CE, recoñece como competencia propia a materia de planeamento urbanístico.

O exercizo da competencia urbanística en Galicia , específicamente en materia de planeamento urbanístico plásmase na vixente lei do solo e regulamento de desenvolvemento: Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e Decreto 14/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento desta Lei.

1 Lexisladores que lembremos deben respetar a garantía institucional da autonomía local nos termos expresados neste epígrafe III

No que aquí importa, tanto os planes xerais de ordenación municipal como os planes especiais de protección de patrimonio cultural, e por extensión do art 81 LSG, calquer instrumento de planeamento, deberán conter un catálogo dos elementos que polos seus valores culturais deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural que procedan.

Os catálogos DOS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS son definidos no citado artigo 81 LSG como instrumentos complementarios dos planes que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se estime conveniente conservar, mellorar ou recuperar.

O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, ubicación e delimitación do seu ámbito de protección, descripción gráfica das súas características constructivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.
En todo caso e por remisión da Lei de Patrimonio Cultural, deberán incluir os bens que contan con protección segundo citada Lei sectorial.

Dentro dos planes especiais de protección cultural podemos diferenciar a categoría daqueles cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como **bens de interese cultural** que conterán as determinacións esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural.

Xa que logo, son os Concellos os competentes para formular, tramitar, e aprobar o planes urbanísticos que conteñan elementos a protexer e que nomeadamente se recollerán nestes catálogos. Deste xeito este entes locais territoriais, en exercicio da súa potestade normativa, desenvolven competencias propias tanto en materia de planeamento urbanístico como en materia de protección e xestión do Patrimonio histórico.

No que se refiere aos actos de edificación e uso do solo promovidos polas administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou de comunicacións previa, en virtude de que o lexislador estatal, en desenvolvemento da Constitucion española atribuiu esta competencia aos municipios.

O proxecto de humanización de Gran Vía, é unha obra pública municipal que, segundo previsto no artigo 147.2 LSG, entenderase autorizada polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e *sectorial,* así como do planeamento en vigor. Nese senso, o apartado 4 do artigo 144 LSG, obriga a aprobar o proxecto, acreditar o previo outorgamento das autorizacións sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto na propia LSG. (No mesmo senso art 356.4 RLSG)

O RLSG completa esta regulación, dispoñendo no artigo 350.2 que non se pode outurgar unha licenza que requira outra autorización ata que sexa concedida, nos termos da *lexislación sectorial aplicable.* Entre a documentación a aportar coa solicitude de licenza, a letra “i” do art 353.2 RLSG inclúe a copia das autorizacións que sexan legalmente esixibles.

Xa que logo, para aprobar un proxecto público municipal, deberá acreditarse o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, como é a lexislación de patrimonio cultural, e achegar,

no seu caso, a autorización nesta materia, que neste caso de obras de humanización da Gran Vía, Urzaiz, Nicaragüa ata a Praza de España, **como adiante se xustificará non é preceptiva,** toda vez que se está a intervir nun ámbito que non está protexido segundo mormativa urbanística e cultural de apricación.

**En canto á normativa de protección cultural**

O artigo 8 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia clasifica os bens do patrimonio cultural de Galicia en declarados de interese cultural ou catalogados. Os **bens de interese cultural** son aqueles bens que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia. A súa vez poden ser Monumento, Xardín histórico, Sitio histórico, Xacemento ou zona arqueolóxica, Vías culturais, Lugar de valor etnolóxico, Conxunto histórico, Paisaxe cultural, Territorio histórico.

O**s bens catalogados** son aqueles bens e manifestacións inmateriais, non declarados de interese cultural, que polo seu notable valor cultural sexan incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, a través de calquera dos procedementos de inclusión previstos nesta lei. En todo caso, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia os bens expresamente sinalados nesta lei.

Por tanto el Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia no se confunde cos catálogos como documento propio de los planes urbanísticos. No obstante, o artigo 30 LPCG determina que os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluíndo, de ser o caso, o seu contorno de protección.

No proxecto aprobado nin o espazo libre está catalogado, nin o Plan especial do ámbito fixa entorno de protección para os elementos mais pertos destes viais, polo que a intervención da Consellería de Cultura non é preceptiva.

Os monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais, terán un *contorno de protección*, a establecer na declaración correspondente, mentras que para o resto de bens de interese cultural e bens catalogados será facultativo. Facultativa é tamén a definición dun contorno de protección para os bens incluídos nos catálogos dos planes urbanísticos, ó abeiro do disposto no citado art 30 LPCG.

Especial atención merece a regulación do artigo 38 desta Lei, pois define uns contornos de protección subsidiarios que, debido a unha moi deficiente redacción da propia Lei, poideran xerar dúbidas en canto a súa obrigatoriedade e extensión.

Este precepto debe ser intepretado sobre a base do respeto á autonomía local, explicitado no apartado III.1.deste informe. En puridade toda a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), debe intepretarse naqueles aspectos que afectan a competencias de índole local en consonancia coa garantía institucional da autonomía local.
En liña co indicado anteriormente, na exposición de motivos desta Lei indícase o seguinte:

*Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo*

*en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio, co gallo da alta pericia técnica e a necesidade do ditame experto, non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co patrimonio cultural, que dalgunha maneira lle pertence como expresión da identidade colectiva na que se insire.*
*O protagonismo recoñecido aos concellos forma parte desa segunda onda descentralizadora á que as políticas públicas no eido do patrimonio cultural non deben ser alleas. Só unha visión paternalista, dirixista e intervencionista pode mirar con desconfianza o papel relevante dos concellos, que, lonxe de seren tutelados, deben exercer un grao de autonomía local recoñecida constitucionalmente tamén en materia de patrimonio cultural en defensa lexítima dos seus intereses. A Administración local galega ten demostrado un grao de madureza e de responsabilidade que o lexislador autonómico debe recoñecer mediante a configuración de procedementos administrativos de proximidade que a fagan interlocutora eficaz e eficiente ante as veciñas e os veciños das diversas localidades que caracterizan o noso país. Seguir protexendo e conservando o patrimonio cultural de costas aos concellos implica, ao cabo, facelo de costas á propia cidadanía....”*

Sobre a base destes principios procede interpretar o disposto no artigo 38 da LPCG no que se establece o seguinte:

*Artigo 38. Contornos de protección subsidiarios*
*1. A declaración de interese cultural ou a orde de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia dun ben establecerá, de ser o caso, o seu contorno de protección e a súa zona de amortecemento de forma expresa e específica, en relación coa implantación concreta do ben no territorio e as súas relacións ambientais.*
*Exceptúase do disposto no parágrafo anterior o caso dos bens que se incorporen ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia como consecuencia da súa inclusión nos catálogos dos planeamentos urbanísticos, que, excepcionalmente, poderán establecer o contorno de protección do ben por remisión ás franxas xenéricas que se establecen no punto seguinte con carácter subsidiario.*

*2. Para os monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados nos que non se establecese o seu contorno de protección de modo específico, os contornos de protección subsidiarios nos solos rústicos, nos de núcleo rural histórico-tradicional ou nos urbanizables estarán constituídos, de forma subsidiaria, por unha franxa cunha anchura, medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe, de....:*

O artigo 38 regula os “*contornos de protección subsidiarios”* e dicir, a regulación de protección de contornos que se aplica en ausencia dunha regulación específica.

Do parágrafo primeiro se desprende que non toda declaración de interese cultural ou orde de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia debe de levar aparellado o establecemento dun contorno de protección e da súa zona de amortecemento, xa que estes deben definirse “cando sexa o caso”. Lémbrese que o artigo 12 só obriga para os monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais..

Cando se dean as circunstancias que obrigan a establecer dito contorno e zona a súa definición deberá realizarse de "*forma expresa e específica, en relación coa implantación concreta do ben no territorio e as súas relacións ambientais*".

De conformidade co establecido no seguinte parágrafo non é necesario establecer dito contorno e zona cando se trata de bens que se "*incorporen ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia como consecuencia da súa inclusión nos catálogos dos planeamentos urbanísticos".* Non obstante se o planificador o considerase necesario poderá establecer un contorno de protección e zona de amortecemento puidendo outorgar dita protección mediante remisión ás franxas xenéricas que se establecen no punto seguinte con carácter subsidiario.

A regulación é perfectamente congruente co manifestado na exposición de motivos da Lei respecto da autonomía local e o protagonismo dos municipios na protección do patrimonio.
Así as cousas cando se trata dun ben que se integra no Catalogo do Patrimonio cultural de Galicia situado nun ámbito no que non existe un instrumento urbanístico de protección do patrimonio, si se considera necesario, se debe de establecer un contorno de protección. Pero si dito ben se encontra situado nun ámbito protexido por un destes plans o establecemento de dito contorno e zona, polo xeral non será necesario pois dito instrumento contén as previsións necesarias para protexer dito contorno.

Esta previsión resulta especialmente aplicable en aqueles plans de protección que non ordenan conxuntos históricos, senón ámbitos cuxa protección soamente interesan o ámbito local, xa que se exceden a este ámbito, loxicamente, xa estaría protexido pola acción da normativa autonómica.

Respecto á necesidade de recabar autorización sectorial cultural, o artigo 39 LPCG obriga a solicitala cando se pretende intervir en bens de interese cultural ou catalogados, e, **de ser o caso,** no seu contorno de protección ou zona de amortecemento., e coas excepcións previstas na propia Lei e que se concretan no artigo 55 e ss. LPCG:

A declaración de interese cultural dun conxunto histórico, zona arqueolóxica, lugar de valor etnolóxico ou sitio histórico determinará a obriga para o concello no territorio do cal se encontre de redactar un plan especial de protección do ben, que se poderá estender ao seu contorno de protección e zona de amortecemento, **de ser o caso**.

Nos supostos de zonas arqueolóxicas, lugares de valor etnolóxico e sitios históricos, os concellos poderán substituír a obriga prevista no número anterior pola previsión e desenvolvemento no seu planeamento xeral de determinacións de protección suficientes

Unha vez aprobado ese plan, como queira que o Concello xa terá establecido as normas precisas de protección dos bens, o artigo 58 exime da autorización sectorial nestes termos:
Tras a aprobación definitiva do plan especial de protección dos bens declarados de interese cultural ao que se refire o artigo 55, os concellos serán competentes para autorizar as intervencións que o desenvolven, incluídas as dos contornos de protección dos bens declarados de interese cultural individualmente dentro do seu ámbito se o plan contén as previsións necesarias para a súa especial protección.

Exceptúanse do disposto no párrafo anterior as intervencións sobre os bens singulares declarados de interese cultural dentro do seu ámbito, sobre calquera ben catalogado do patrimonio artístico ou arqueolóxico, así como sobre os que sexan de titularidade da Igrexa católica e para as actuacións de salvagarda que promova a consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

O artigo 39 LPCG obriga a recabar autorización á Dirección xeral de patrimonio cultural cando se pretende intervir en bens de interese cultural ou catalogados, e, **de ser o caso,** no seu contorno de protección ou zona de amortecemento., e coas excepcións previstas na propia Lei e que se concretan no artigo 55 e ss. LPCG:

A declaración de interese cultural dun conxunto histórico, zona arqueolóxica, lugar de valor etnolóxico ou sitio histórico determinará a obriga para o concello no territorio do cal se encontre de redactar un plan especial de protección do ben, que se poderá estender ao seu contorno de protección e zona de amortecemento, **de ser o caso**.

Nos supostos de zonas arqueolóxicas, lugares de valor etnolóxico e sitios históricos, os concellos poderán substituír a obriga prevista no número anterior pola previsión e desenvolvemento no seu planeamento xeral de determinacións de protección suficientes

Unha vez aprobado ese plan, como queira que o Concello xa terá establecido as normas precisas de protección dos bens, o artigo 58 exime da autorización sectorial nestes termos:

Tras a aprobación definitiva do plan especial de protección dos bens declarados de interese cultural ao que se refire o artigo 55, os concellos serán competentes para autorizar as intervencións que o desenvolven, incluídas as dos contornos de protección dos bens declarados de interese cultural individualmente dentro do seu ámbito se o plan contén as previsións necesarias para a súa especial protección.

Exceptúanse do disposto no párrafo anterior as intervencións sobre os bens singulares declarados de interese cultural dentro do seu ámbito, sobre calquera ben catalogado do patrimonio artístico ou arqueolóxico, así como sobre os que sexan de titularidade da Igrexa católica e para as actuacións de salvagarda que promova a consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

*III.1.3.- Interpretación normativa seguida pola Consellería de Cultura*

**Esta misma era a interpretación normativa seguida pola Direccion xeral de Patrimonio cultural en diversos expedientes tramitados estando xa en vigor a LPCG,** hasta que por razóns desconocidas en virtude dun escrito que se recibe na Xerencia de Urbanismo de Vigo de contido xenérico[1], se produce un cambio de criterio, escrito incalificable dende o punto de vista administrativo denominado “comunicado”, asinado pola hoxe Xefa do Servizo de coordinación da Área Cultura, Dna. María José Echevarría Moreno en data 230318, no que manifesta: “dada a antigüedade e contido do PEEC (escasa delimitación dos bens, ausencia de contornos de protección, etc) (...), **parece** **(sic)** que este instrumento de planeamento non da cumprimento aos obxectivos sinalados anteriormente (...)”

1 Consecuencia da recepción deste escrito coa interpretaccion unilateral da Delegacion Provincial, a Xerencia de urbanismo, para evitar situacións de inseguridade xurídica cara ós promotores das obras no ámbito do PEEC, decide enviar os expedientes de obras dos particulares para que a Delegación territorial tramite o que entenda.

Concello de Vigo

Ao Concello de Vigo, non lle pode "parecer evidentemente" e non comparte tal opinión. O Plan especial de edificios a conservar tramitouse e aprobouse con estricta suxeición ao procedemento xurídico vixente naquel tempo, como non podía ser doutra forma, e coas determinacións legais e regulamentarias esixidas naquel momento. Xa que logo goza da presunción de legalidade como norma creada e aprobada polo Concello de Vigo en exercizo das súas competencias constitucionalmente recoñecidas: o documento é válido, eficaz e executivo dende entón.

O citado "comunicado" non cumpre os requisitos contemplados nos artigos 34 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedimiento administrativo común das Administracións Públicas para ter a condición de acto administrativo, moito menos para a través do citado "comunicado" cambiar o criterio seguido ata esa data polo Servizo de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia así como para xurdir efectos nos órganos administrativos municipais.

A modo de exemplo, entre os expedientes tramitados últimamente ante a Concellería de Cultura SEN QUE ESTA ESIXA AUTORIZACIÓN están:

- Humanización da rúa Canceleiro, expte. 2644.440. A Administración autonómica interpreta que a actuación está suxeita únicamente a autorización arqueolóxica, ó se tratar dunha actuación no contorno do xacemento Areal, autorización que se outorga pola Xefa territorial de Patrimonio Cultural por delegación da Dirección Xeral en data 16 de marzo de 2017
- Urbanización da rúa García Olloqui e Praza de Compostela expte. 3389.443. A Administración autonómica interpreta que a actuación está suxeita únicamente a autorización arqueolóxica, ó se tratar dunha actuación no contorno do xacemento Casco Vello, autorización que se outorga pola Xefa territorial de Patrimonio Cultural por delegación da Dirección Xeral en data 5 de xullo de 2017
  Esta interpretación é coincidente con outros proxectos de obras coas mesmas características de distancia a edificios catalogados (obras de humanización de Vía Norte, obras de humanización de María Berdiales, etc) notificados e comunicados á Xunta de Galicia e executivos en tanto non se realizou actuación algunha por parte da Administrción autonómica nin requerimento legal ao respecto.

Entendemos que o espazo no que se desenvolve o proxecto, dentro dun ámbito dun plan especial de protección, sen catalogar, NON REQUIRE A AUTORIZACIÓN SECTORIAL en materia de cultura, sen prexuízo de respectar as normas de protección do patrimonio cultural deste ámbito definidas no Plan especial de edificios a conservar-

Con carácter xeral, nos ámbitos da cidade nos que exista un plan especial de protección, sexa Bouzas, Casco Vello, o Ensanche, (Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar) haberá que estar ó disposto neste en canto as medidas de protección dos bens e á existencia ou non destes contornos, de tal xeito que, de non terse previsto, non será de aplicación subsidiaria os contornos do artigo 38 por así telo decidido o órgano competente que goza da autonomía constitucionalmente garantida, nomeadamente, Concello de Vigo.
Como conclusión debemos afirmar que a RESOLUCIÓN da Xefa do Servicio de Coordinación cultural de data 20.09.2018 é nula de pleno dereito, por infracción do artigo 47.1 LPACAP ó se dictar por un órgano que non ostenta competencias para valorar unha intervención

pública nun espacio público que non está sometido ás cautelas de protección por razóns culturais.

III.2.-<u>Infracción da normativa de protección do patrimonio cultural ao calificar como monumentos aos edificios da Gran Vía</u>
Nos apartados 3.6 e 4 dos Antecedentes da resolución que se solicita impugnar, califica aos edificios dos números 43, 37 e 33-35, como **monumentos.**

A LPC reduce a dúas as categorías de bens protexidos , fronte ás tres que recollía a anterior normativa, bens de interese cultural e bens catalogados, art 8.1. Os primeiros, por definición do apartado 2 do mesmo artigo son os "mais sobranceiros", e se declaran por lei ou decreto da Xunta de Galicia. Os catalogados, apartado 3, son os non declarados BIC, pero con valor cultural e se inclúen no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Cando o artigo 10 LPCG establece as categorías de Monumento, Xardín histórico, Sitio histórico, Xacemento ou zona arqueolóxica, Vías culturais, Lugar de valor etnolóxico, Conxunto histórico, Paisaxe cultural, Territorio histórico, é porque poideran existir nomeadamente, bens meramente catalogados a través da pertenza ós catálogos do planes especiais dos concellos, integrados nalgunha desta categorías, tal e como sucede nos planes especiais de Vigo, pero non habilita en ningún caso a que esta función de categorización sexa desenvolta osádamente polo persoal público vía "Integración" (neste caso arquitecta autonómica) irrogándose capacidades que non lle competen (lei, decreto da Xunta de Galicia, norma regulamentaria que aproba o órgano competente coma é un plan especial…).

A intención de "integrar" os edificios catalogados da Gran Vía de Vigo nesta categoría pola técnica da Xunta de Galicia, e que supón que a cidade está chea de monumentos, sen que os cidadáns coñezan a riqueza arquitetónica-artística da cidade de Vigo, realízase coa intención de apricar o art 12 LPCG que regula os contornos de protección dos monumentos, unha vez que as técnicas autonómicas teñen que aceptar que aos bens catalogados, edificios da Gran Vía non se lles pode apricar os contornos subsidiarios regulados no artigo 38 LPCG dada a existencia dun plan especial de protección.

En todo caso, reiteramos que o artigo 38 claramente senta que a declaración de interese cultural ou inclusión no Catálogo dun ben establecerá, **de ser o caso, o contorno de protección.** O apartado 2 do precepto regula a previsión duns contornos subsidiarios nos **monumentos** para o suposto de que non exista plan especial, pois será este o instrumento que determine, no seu caso, estas zonas de protección.

A maior abastanza, cabe traer a colación a doctrina do Tribunal constitucional recollida na STC 61/1997, de 20 de marzo, na que se resolve sobre a impugnación do Texto refundido da Lei do solo de 1992, en tanto o lexislador autonómico se está a extralimitar na súa competencia regulando íntegramente, vía apricación subsidiaria legal a protección dos bens catalogados, competencia nétamente municipal a través dos planes urbanísticos.

En conclusión, nin os edificios catalogados de a Gran vía, nin aqueles que non gozan de tal declaracíon, son monumentos e non lles resulta de apricación os contornos subsidiarios do art 38.2 LPCG. Una interpretación contraria suporía que todo o ámbito do PEEC ten a condición de "contornos de protección", debendo calquer acción dentro deste ámbito, someterse á autorización da Direccion xeral de Patrimonio cultural de Galicia, perdendo a súa esencia e función o artigo 39 LPCG.

III.3.- Firmeza da Aprobación do proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vïa.- Extemporaneidade das actuación da Dirección xeral para intervir no proxecto

O Proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua aprobouse pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo en data 21 de decembro de 2017, tras a tramitación do correspondente expediente.

O devandito Acordo **foi remitido á Xunta de Galicia con data 8 de xaneiro de 2018** en cumprimento do disposto no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e no artigo 196.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Polo tanto, no caso de que dende a Xunta de Galicia se entendese que o Acordo da Xunta de goberno Local de Vigo polo que se aproba o Proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, infrinxía o ordenamento xurídico no ámbito das súas competencias, a **administración autonómica debería ter requirido ao Concello para a súa anulación ou ben proceder a impugnalo directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa no caso de que estimase que se obviaba algunha autorización autonómica preceptiva.**

A estes efectos, o artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, dispón:

*"1. Cuando la Administración del Estado o de las Comunidades Autónomas considere, en el ámbito de las respectivas competencias, que un acto o acuerdo de alguna Entidad local infringe el ordenamiento jurídico, podrá requerirla, invocando expresamente el presente artículo, para que anule dicho acto en el plazo máximo de un mes.*

*2. El requerimiento deberá ser motivado y expresar la normativa que se estime vulnerada. Se formulará en el plazo de quince días hábiles a partir de la recepción de la comunicación del acuerdo*

*3. La Administración del Estado o, en su caso, la de la Comunidad Autónoma, podrá impugnar el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa dentro del plazo señalado para la interposición del recurso de tal naturaleza señalado en la Ley Reguladora de dicha Jurisidicción, contado desde el día siguiente a aquel en que venza el requerimiento dirigido a la Entidad local, o al de la recepción de la comunicación de la misma rechazando el requerimiento, si se produce dentro del plazo señalado para ello.*

*4. La Administración del Estado o, en su caso, la de la Comunidad Autónoma, podrá también impugnar directamente el acto o acuerdo ante la jurisdicción contencioso-administrativa, sin necesidad de formular requerimiento, en el plazo señalado en la Ley Reguladora de dicha Jurisdicción".*

Esta disposición desenvólvese no artigo 215.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece que o prazo para esta acción se contará a partir da recepción da comunicación do acto ou acordo.

Non cabe aquí alegar descoñecemento por parte da Delegación provincial, pois a Lei 40/2015, de 1 de outubre, de Réxime Xurídico do Sector Público no seu artigo 3.4 establece que cada unha das Administración públicas do artigo 2 (entre as que se atopa a

Administración da Comunidade Autónoma) actuán para o cumplimento dos seus fines con *personalidade xurídica única.*

Xa que logo, transcurrido o devandito prazo dende que dende este Concello se remite o Acordo da aprobación do Proxecto á Xunta de Galicia, sen que a mesma cuestionase o mesmo en base as súas competencias, (esto en coherencia co resto dos proxectos que a continuación se nomean), o acordo de aprobación do proxecto goza da aquiesciencia da Administración autonómica, desta forma adquire firmeza, e plena executividade, polo que calquer actuación impugnatoria do mesmo adolecerá alomenos de extemporanidade.

Neste sentido pronunciase unha reiterada doutrina do Tribunal Supremo, entre a que resulta ilustrativa a Sentencia do Tribunal Supremo (Sala 3.ª) de 25 de febrero de 2011, que establece a seguinte doutrina: *"A los efectos del artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local, el cómputo del plazo de quince días para formular el requerimiento previo se computará a partir de que la Administración estatal o autonómica reciban de la Entidad Local la comunicación del acuerdo, en cumplimiento de lo establecido en el art. 56.1 de la Ley".*

Todo esto permite concluir que o Acordo polo que se aproba o Proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua axústase plenamente á normativa vixente, xa que a competencia para a súa aprobación é plenamente municipal e o mesmo adecuase plenamente a legalidade vixente.

En relación con este asunto debemos insistir que esta é a interpretación mantida pola propia Xunta de Galicia ata o momento e que determina, segundo a doutrina dos actos propios a imposibilidade de "venire contra factum propium". Polo tanto, a Xunta de Galicia atópase vinculada a interpretación que ata o momento ven recoñecendo de forma tácita, sen que poida adoptar un comportamento contraditorio que conlevaría vulnerar a confianza e a regra da boa fe que impón o deber de coherencia no comportamento.

O principio de confianza lexítima, que se recolle actualmente no artigo 3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP) foi reflexado na xurisprudencia do Tribunal Supremo en diversas sentenzas, entre outras na de data 1 de febreiro de 1990, na que se indica:

*" Como ya tiene declarado esta Sala que ahora enjuicía en reiteradas sentencias, de las que son una muestra sus últimas de 1 de febrero , 3 de mayo y 8 de junio de 1990 , en el conflicto que se suscita entre la «estricta legalidad» de la actuación administrativa y la «seguridad jurídica» derivada de la misma, tiene primacía esta última sobre aquélla, cuando la Administración mediante actos externos inequívocos mueve al administrado a realizar una actividad que le origina unos necesarios desembolsamientos económicos organización de medios personales y materiales, a fin de impartir la enseñanza de Formación Profesional dentro de un sistema de gratuidad para los alumnos merced a un sistema de subvenciones a conceder por las Administraciones Públicas en base a una normativa jurídica, aunque ulteriormente sea declarada nula; ya que, la aludida doctrina de esta Sala acoge un principio, que aunque no extrañó a nuestro Ordenamiento Jurídico bajo la denominación de la «bona fides», ha sido asumido por la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de la Comunidad Europea bajo la rúbrica de «principio de protección de la confianza legítima del*

*ciudadano» en el actuar de la Administración que se beneficia a su vez del principio de «presunción de legalidad de los actos administrativos», si bien aquel principio no se aplica a los supuestos de cualquier tipo de convicción psicológica subjetiva en el particular, sino cuando dicha «confianza» se funda en signos o hechos externos producidos por la Administración, lo suficientemente concluyentes que induzcan a aquél a confiar en la «apariencia de legalidad» que la actuación administrativa a través de actos concretos revela, moviendo a la voluntad del administrado a realizar determinados actos, inversiones económicas, medios materiales y personales, que después no concuerdan con la verdadera voluntad de la Administración y sus consecuencias, revelada y producidas con posterioridad a la material realización de aquéllos por los particulares; máxime cuando dicha «apariencia formal de legalidad» que indujo a racional confusión en el interesado, originó en la práctica para éste unos daños o perjuicios que, jurídicamente, no tiene por qué soportar".*

En conclusión, tendo en conta que no caso que nos ocupa o Concello tramitou e aprobou o Acordo polo que se aproba o Proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, de conformidade coa normativa aplicable e a interpretación da mesma da propia Administración Autonómica, que determinaban a competencia municipal para a súa aprobación, é incuestionable que o mesmo adecuase plenamente a legalidade vixente, sen que a Xunta poida agora pretender alterar o mesmo por un repentino cambio de criterio.

III.4.-Axuste á normativa do proxecto

O informe técnico que sirve de base á desestimación do proxecto pola Xefatura territorial, non motiva o incumprimento da normativa de apricacion, nin específicamente a do artigo 46 LPCG, no que se fixan uns criterios xerais para intervencións en contornos de protección, aludidos na primeira resolución de maio da Delegación provincial , e que este Concello detallou punto a punto nas alegacións presentadas e que agora se desestiman, e que pasaos a reproducir.

*III.4.1 Natureza do proxecto*

A execución do proxecto de obras para a "*Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran vía entre a Rúa Lepanto e a Rúa Nicaragua*" está planificado en el marco das actuacións que teñan a consideración de "gasto subvencionable", dentro de diferentes liñas de actuación da **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable (EDUSI) Vigo-Vertical** que o Concello presentou e que foi aprobada con data 14 de decembro de 2016 pola Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Esta cofinanciación implica unha concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por un valor de 15.000.000 € (80% do orzamento total) que ten como obxectivo a realización de operacións de impulso e transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

O proxecto de "*Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran vía entre a Rúa Lepanto e a Rúa Nicaragua*" no marco da EDUSI Vigo-Vertical contribúe a favorecer a transi-

ción a unha economía baixa en carbono e a unha maior protección do medio ambiente, así como a unha mellor calidade de vida da cidadanía. Trátase de mellorar a mobilidade urbana desde un enfoque sustentable, desenvolvendo actuacións dirixidas a minimizar a accidentada orografía da zona de actuación e facilitando así a comunicación entre diferentes vías ou zonas urbanas xerando unha sinerxía na mobilidade xeral da contorna de actuación. Facilita, ademais, a revitalización e impulso das zona de actuación cunha redución dos índices de contaminación ambiental e acústica, a través da eliminación de barreiras e o consecuente aumento dos/as usuarios/as peonís na contorna sobre a que se vai a actuar. É importante, así mesmo sinalar que o incremento do tráfico peonil facilitará e impulsará a posta en valor dos diferentes elementos urbanos emblemáticos existentes na área de actuación.

O desenvolvemento da mesma atopase enmarcada dentro dos seguintes "obxectivos temáticos OT" e das seguintes "liñas de actuación LA":

Obxectivo Temático 4: PROMOVER A ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NA AREA:

Liñas de Actuación:

- Posta en marcha de estratexias de mobilidade multimodal a través de elementos mecánicos e infraestruturas sustentables.
- Mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas,equipamentos e servizos públicos
- Incorporación de elementos para captación de Enerxía solar, eólica e xeotérmica para abastecer redes municipais..

Obxectivo Temático 6: CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE E IMPULSAR A EFICIENCIA DOS RECURSOS:

Liñas de Actuación:

- Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturais con fomento do uso peonil e ciclista.
- Posta en marcha dun plan de zonas verdes para Vigo.
- Reordenación e regulación do viario urbano con potenciación do transporte público, peonil e bicicletas.

O desenvolvemento deste proxecto, atopase vinculado a planificación de execución e de cumprimento de obxectivos de execución propostos para o período 2018/2019.

No que se refire á información que sobre o proxecto en concreto, traslada a RESOLUCIÓN que se propón impugnar, en primer lugar, nos antecedentes, apartado 2, a xefa do servizo afirma que, para xustificar a intervención autonómica, como queira que no ámbito da rúa Gran Vía se sitúan varios edificios catalogados polo PEEC e polo anulado PXOM a execución do proxecto esixe, en virtude do artigo 39 LPCG, autorización da Consellería de Cultura.
Lembremos o contido do artigo 39, que forma parte do Capítulo III do Título II LPCG,que regula o réxime xurídico das intervencións nos bens de interese cultural e **catalogados : "***1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei. ..."*

Xa que logo semella que a única razón pola que a técnica autonómica entende como necesaria a autorización é pola presencia de edificios catalogados, cando intervención non é sobre os mesmos… “presencia colindante ó ambito de actuación de varios edificios protexidos polo planeamento municipal”.

En canto ó informe técnico que acompaña a resolución, apdo 4 dos Antecedentes, debemos facer unha serie de puntualizacións para aclarar certas desviacións e opinións da arquitecta autonómica:

